

ARTESANÍA ALIMENTARIA A Xunta regula a medias tras doce anos de espera ▶ 8

LOITA A campaña “O rural galego sobre a mesa” e o decálogo do SLG ▶ 12 e 13



POLÍTICA AGRARIA COMÚN Da granxa á mesa

A UE descarga o peso da transición a un sistema alimentario sostíbel en labregos e labregas ▶ 17



FOUCE

Periódico labrego de información técnica e sindical - Ano XLVI - Nº 330 - Xaneiro-Xuño 2020


A PANDEMIA DO CORONAVIRUS PON EN XAQUE A PRODUCCIÓN ALIMENTARIA NA GALIZA

A comezos de ano, comezabamos a escoitar novas de que unha pandemia provocada por un coronavirus estaba a causar unha forte crise na China. Paseiño, vimos como se ía achegando a Europa, afectando primeiro a Italia. Todo parecía moi afastado, con moitas voces que dicían que pouco máis era ca un catarro, até que o 14 de marzo se declaraba en España o estado de alarma. O que veu a continuación, co peche dos mercados de proximidade e algunhas das principais canles de comercialización alimentaria, como a hostalería, foi unha das peores crises que se recordan no agro e que afectou á práctica totalidade dos sectores agrogandeiros. Nas seguintes páxinas analizamos algúns destes impactos, como tivemos que enfrontarnos a eles e das consecuencias que aínda están a ter e que, de seguro, terán.

▶ 2 a 7



**sindicato
labrego galego**
comisións labregas



séguenos en

www.sindicatolabrego.com

e tamén en

[facebook](#)


[twitter](#)

Soberanía alimentaria non é a alimentación en mans das cadeas de supermercados

Probablemente, nunca chegaran as páxinas do Fouce ás vosas mans en tempos de tanta incerteza. Nestes meses, dende que a pandemia do coronavirus irrompeu nas nosas vidas, quedaron demostradas cuestións básicas como a necesidade de que a agricultura e a gandería sexan consideradas actividades esenciais, a importancia da sanidade pública, a necesidade de que a xestión dos coidados ás persoas maiores ou dependentes non estean en mans de empresas que só buscan a obtención do máximo lucro ou de que non dependamos en bens básicos de importacións de miles de quilómetros, sexan medicamentos, respiradores, máscaras ou alimentos. A preocupación por unha alimentación saudable de procedencia local que amosa unha parte crecente da sociedade é hoxe unha oportunidade para mudar unhas políticas agrícolas feitas, ata agora, a medida do agronegocio, e para pór os problemas das labregas e dos labregos e do rural enriba da mesa: os prezos baixos, unha cadea alimentaria na que a industria e a distribución mantén unha posición abusiva, a necesidade de apoiar as producións sostíbeis, servizos públicos de calidade no rural, que se protexa a terra agraria ou que se garanta que moitas persoas labregas podamos producir alimentos saudables cunha remuneración axeitada.

Malia a todo isto, tamén vivimos o sen sentido de que se pecharan os mercados locais, baixas de prezos, que se dificultase a produción para o autoconsumo ou que se presentasen como grandes salvadoras ás grandes cadeas de distribución, que levan anos afogando o sector con baixos prezos, promovendo os grandes monocultivos in-

dustriais, os alimentos quilométricos e a desaparición da pequena e mediana agricultura. Durante a pandemia, a Xunta de Galicia presentou como gran solución aos problemas do sector o programa de Mercaproximidade, que consistiu fundamentalmente nunha gran campaña de publicidade acordada coas grandes industrias distribuidoras, favorecendo en xeral a empresas que xa eran os seus provedores habituais e que supuxo unha baixa nos prezos percibidos polas persoas produtoras.



O modelo industrializado que está a apoiar a administración é o que fai que o estado español sexa o maior consumidor de pesticidas de Europa, con máis de 71.987 toneladas ao ano; que os xigantes da industria alimentaria a escala global (Danone,

Kellogg, Coca Cola, Unilever, Nestlé...) repartiran dividendos por máis de 18.000 millóns de euros mentres a fame ameaza con matar, segundo un informe de Oxfam, 12.000 persoas diarias, máis que o propio coronavirus; ou que a explotación de persoas xornaleiras en rexións de alta produción agrícola industrial como Lleida ou Huelva faga destas zonas auténticas polvoreiras para a expansión do virus.

A destrución de bosques e a degradación dos hábitats naturais relacionadas coa agricultura e gandería industriais e o cambio climático teñen moito que ver co paso de enfermidades virais dos animais aos seres humanos, como no caso do Covid 19 e, antes, no Mers ou no Sars, entre outros. A propia ONU afirma que se non se atende a saúde humana, animal e ambiental como unha soa seguirán a xurdir novos brotes zoonóticos, polo que a defensa da soberanía alimentaria convértese na mención fundamental para evitar esta ou próximas pandemias. A industria pretende perverter o concepto de soberanía alimentaria ou o que é realmente un alimento local. Cómpre lembrar que a soberanía alimentaria é o dereito dos pobos a definir a nosa política agraria e alimentaria, a dar prioridade á produción local para alimentar a poboación, o dereito das persoas labregas ás sementes, á terra, a auga e aos bens necesarios para producirmos esa alimentación saudable, nutritiva e culturalmente axeitada, regulando a produción, protexéndonos de importacións e prácticas que comprometan unha produción agrícola sostíbeis, e prezos que cubran os custos de produción e unha remuneración xusta polo traballo.

Tódolos contidos deste periódico publicanse baixo licenza Creative Commons Non Comercial / Atribución / Compartir igual



FOUCE

EDICIÓN
Edicións Fouce, Departamento de Publicacións de Servizos Agrarios e Contables SL

COORDINACIÓN
Xosé García Rodríguez

CONSELLO EDITORIAL:
Isabel Vilalba Seivane, Henrique Outes, Tania Sánchez Pértega, Xosé María García Villaverde, María Xosé Castro e Xosé Antonio Rivas.

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Xosé García Rodríguez
COLABORACIÓN
Andrés Castro, Juan Castro,

PECHE DE EDICIÓN 10-07-2020

ENDEREZO
Ofelia Nieto nº 13-23. Compostela
981 554 147

prensa@sindicatolabrego.gal

NACIONAL Ofelia Nieto 13-23, Meixónfrío, Compostela. ☎ 981 554 147
COMPOSTELA Idem Nacional. ☎ 981 588 532
MELIDE Contactar co ☎ 686 936 429
ARZÚA Piñeiral 12, 2º esq. ☎ 981 508 177
SANTA COMBA Aula 9 do Edificio Multiusos. ☎ 699 924 632
ORDES Alfonso Senra 117. ☎ 981 682 908
BETANZOS Cruz Verde 7, esquina praza Dona Agueda. ☎ 981 773 377
TEIXEIRO Martínez Pardo 13, 1º esq. ☎ 981 789 781
MOECHE Casetas da feira de Moeche. ☎ 698 125 154

VALDEORRAS Rúa Eulogio Fernández 3, entrechán, local 2. ☎ 616 504 487
RIBADAVIA Virxe do Portal 11. ☎ 988 477 230
XINZO San Sebastián 16, baixo. ☎ 988 462 547
LUGO Miguel de Cervantes 47, ent. ☎ 982 231 154
SARRIA Bar Parisien. Calvo Sotelo 180. ☎ 604 027 886
CHANTADA Emilia Pardo Bazán 11, baixo. ☎ 982 440 804
A FONSAGRADA Bar A Lúa. Rosalía de Castro 16. ☎ 698 157 379
BECERREÁ Restaurante Boavista. Eulogio Rosón 23. ☎ 604 027 886
RIBADEO Avda. Leopoldo Calvo Sotelo, nº 1 A, 1º E. ☎ 982 130 615

LOURENZÁ Av. Fernández del Riego 5, 1º C. ☎ 982 121 376
VILALBA Rúa do Cuartel 1, ent. A, estrada de Meira. ☎ 982 512 431
MEIRA Avenida de Lugo 47-49. Edif. Miño, ent E. ☎ 982 331 714
A ESTRADA Rúa 100, baixo 1. ☎ 986 573 232
LALÍN Monte Faro 28, baixo. ☎ 986 792 268
PONTEAREAS Av. Galicia. Edif. Costa Gallego 16. Entrechán, of. 6 ☎ 986 641 508
O ROSAL Ramón Franco, Edif. Rosales. ☎ 986 625 394
O SALNÉS Av. Bouza Matín 9, 1º. Barrantes (Ribadumia). ☎ 699 924 630

VENDA DIRECTA ▶ Un dos moitos impactos que causaron no agro as restricións impostas pola declaración do estado de alarma foi a prohibición de celebrar todo tipo de feiras, incluídos os mercados alimentarios de venda directa onde comercializan as súas producións miles de familias labregas na Galiza. Dende que se impuxo o estado de alarma, o Sindicato Labrego Galego desenvolveu un intenso traballo dirixido a que as administracións reabrisen esta canle de comercialización, tanto a nivel galego como estatal.

Dous meses de batalla para reabrir os mercados alimentarios

Durante o tempo que durou a crise polo peche dos mercados, a secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, Isabel Vilalba Seivane, estivo en contacto directo permanente co conselleiro de Medio Rural, José González, para tentar negociar o levantamento desta prohibición discriminatória e absurda. A campaña, que ao comezo conseguiu ao redor duns cen apoios de organizacións e colectivos galegos e estatais, acabou agrupando máis de 700 organizacións detrás dela.

Tras máis dun mes de accións, en vista de que as administracións seguían mantendo a prohibición sobre os mercados labregos, o SLG denunciouno presentando unha queixa diante da Valedora do Pobo. Xusto ao día seguinte desta acción, Medio Rural cedía e anunciaba a reapertura dos mercados a partir do 4 de maio.

Porén, os problemas non acabarán aí. Na mesma semana que se autorizaba a apertura dos mercados, a Delegación do Goberno en Galiza porfiou en manter a prohibición. Dende o SLG pedimos a dimisión do delegado do Goberno, Javier Losada. Ao día seguinte desta petición, a Delegación do Goberno desdiciase e permitía os mercados, pero xa creara unha grande confusión no sector. Ademais, a Consellaría de Medio Rural non fixo nada por facilitar e fomentar a súa apertura, delegando a decisión e a súa xestión nos concellos, polo que a volta á normalidade foi

moi desigual dependendo da bisbarra. Ademais, fíxose mesturando normativas contraditorias. Mentres que a orde de Medio Rural só autorizaba a venda de alimentos por labregos e labregas con inscrición no rexistro da Sección de Venda Directa (Sevedi), moitos concellos permitiron a instalación de postos de intermediarios que vendían alimentos sen producilos e sen estar rexistrados no Sevedi.

No SLG defendemos durante todo o estado de alarma que os mercados ao aire libre de venda directa ofrecen maiores garantías sanitarias que calquera supermercado de cara a fornecer de alimentos á poboación en crises de pandemia



Cataluña e Euskadi abriron sen agardar polo visto bo do Ministerio

Na campaña impulsada polo Sindicato Labrego Galego á que se acabarán sumando máis de cen organizacións e colectivos na Galiza e máis de 700 a nivel estatal, pediamos:

▶ **Reapertura dos mercados alimentarios de proximidade** baixo estritos protocolos sanitarios que garantisen a saúde das persoas. Conseguiuse, en primeiro lugar, en Cataluña e Euskadi, que negociaron e non agardaron polo visto bo do Ministerio de Agricultura.

▶ **Compra pública de alimentos para apoiar as producións labregas.** Na Galiza, Medio Rural activou Mercaproximidade que comeza a dar os primeiros pasos neste sentido, aínda que con moitas limitacións e escurantismo cos criterios de selección á hora de mercar.

▶ **Autorizar o desprazamento a hortas, viñedos e currais de autoconsumo.** Conseguiamos que, de primeiras, Medio Rural o permitise a hortas e currais a menos de 500 metros do domicilio. Como a medida nos pareceu insuficiente e que non se adaptaba á realidade de Galiza, seguimos insistindo, ampliándose despois o radio a 5 quilómetros do domicilio durante a primeira fase do confinamento.

▶ **Medidas de apoio fiscal,** como a exención do pago de autónomos en apoio á pequena agricultura.

▶ **Aplicación estrita da Lei da Cadea Alimentaria** para que se paguen prezos xustos en orixe e as industrias e distribuidoras non aproveitasen a crise para especular cos prezos. **SEGUE ▶**

Cronoloxía: Así recuperamos as feiras

14 de marzo

O Goberno decreta o estado de alarma para enfrontar a emerxencia sanitaria provocada pola pandemia do coronavirus Covid-19. Aínda que este decreto declara a libre circulación de bens de primeira necesidade como os alimentos, prohíbense os mercados alimentarios de proximidade ao equiparalos a feiras promocionais de carácter lúdico e festivo cunha interpretación excesivamente restritiva e errónea da norma.

18 de marzo

O SLG solicita formalmente á Consellaría de Medio Rural a reapertura dos mercados de proximidade na Galiza.

27 de marzo

O SLG fai público un manifesto a favor da reapertura dos mercados de proximidade, conseguindo o apoio de case 100 organizacións e colectivos da Galiza. Podes ver o manifesto e a lista de apoios en:

bit.ly/ManifestoMercadosCOVID

A postura da Consellaría de Medio Rural, dende o comezo desta crise, foi acatar a prohibición, pasándolle a pelota ao Ministerio de Agricultura.

4 de abril

Envíase unha carta dirixida ao Ministerio de Agricultura solicitando a reapertura dos mercados de proximidade e medidas de apoio á pequena agricultura diante da crise xerada polo estado de alarma. Consegue 600 apoios nos primeiros días e, finalmente, máis de 700, entre os que se inclúen organizacións e plataformas de ámbito estatal. Cómpre subliñar que o SLG foi unha das principais organizacións á hora e dinamizar e desenvolver esta campaña. Podes ver a carta en galego en:

bit.ly/ManifestoAgroEstatatCOVID e a lista actualizada de apoios en:

bit.ly/AdhesiónsAgroCOVID

A campaña conseguiu que gobernos como os de Cataluña e

Euskadi regulasen os mercados de proximidade e permitisen abrilos nos seus territorios baixo estritos controis e medidas de seguridade sanitaria.

8 de abril

O Ministerio de Agricultura desenténdense da petición argumentando que é o Ministerio de Sanidade e Consumo o que ten competencias na materia. Mentres que Sanidade se desentendeu tamén desta petición, argumentando que a competencia correspondía ao Ministerio de Industria e Comercio; dende Consumo escoitóusenos e convocóusenos a unha xuntanza.

15 de abril

Diante da reapertura dos mercados de proximidade en Cataluña ou Euskadi, e sabendo que outras comunidades como Baleares xa os regularon e autorizaron dende o comezo do estado de alarma, o Sindicato Labrego presentou diante de Medio Rural un protocolo para regular e autorizar os mercados na Galiza. A Xunta, escudándose na prohibición da Delegación do Goberno, volveu pedir autorización por segunda vez ao Ministerio de Agricultura. +info:

bit.ly/ProtocoloMercadosCOVID

17 de abril

A secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba Seivane, participa nunha xuntanza co secretario xeral de Consumo do Ministerio, Rafael Escudero. Vilalba formou parte dun grupo de cinco mulleres que representaron ás máis de 700 organizacións que apoiaron esta campaña. Nesta reunión, conseguimos o compromiso de levar a cuestión ao Consello de Ministros e Ministros. A maiores, tamén asumiron a tarefa de realizar un traballo específico dende Consumo, en colaboración con Sanidade e Agricultura, para crear unha mesa que traballe en potencia a alimentación saudable en base a produtos locais e provenientes da agricultura a pe-

quena escala. Para levar a cabo estas tarefas, dixéronnos que van reformar a Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición (Aesan) para que atenda este tipo de demandas.

27 de abril

Relánzase de novo a campaña estatal diante da falta de resposta da Administración e da desigualdade de trato e acción dependendo da comunidade autónoma.

29 de abril

O SLG rexistra diante da Valedora do Pobo unha queixa para forzar a resolución do grave problema que supoñía para miles de familias labregas teimar coa prohibición dos mercados de proximidade. Ademais, tamén se fixeron duras críticas contra unha campaña propagandística da Xunta, esixindo a retirada dun spot para televisións no que se amosaban os supermercados como substitutos de feiras e feiróns. A pesar das

queixas, a Xunta porfiou nunha grande campaña publicitaria con cartos públicos que só está a beneficiar as grandes cadeas de supermercados.

30 de abril

A Consellaría de Medio Rural anuncia a reapertura dos mercados alimentarios de proximidade na Galiza, baixo un estrito protocolo de seguridade sanitaria, a partir do 4 de maio.

7 de maio

O SLG pide a dimisión do delegado do Goberno en Galiza, Javier Losada, pola teima das subdelegacións en manter a prohibición dos mercados en cada provincia, contradicindo a normativa aprobada pola Consellaría de Medio Rural co apoio do Ministerio de Agricultura.

8 de maio

A Delegación do Goberno publica unha nota pola que autoriza os mercados alimentarios de proximidade.

Desobedecéronse as normas da UE para favorecer os supermercados

Dende o minuto un da prohibición, o peche dos mercados alimentarios de proximidade foi unha decisión que contradecía as directivas europeas para facer fronte á pandemia. Vexámolo:

1. Dende o primeiro día da declaración do estado de alarma, **a CE deixou claro que se debía permitir a libre circulación de bens de primeira necesidade como os alimentos.** O propio decreto do Goberno redundaba no mesmo. Polo tanto a prohibición da venda directa de alimentos fíxose en base a unha interpretación arbitraria e interesada da norma que a contradecía.
2. Non por casualidade, **esta prohibición favoreceu ás de sempre, ás grandes cadeas de supermercados.** A prohibición creou para a elas unha situación de oligopolio nun contexto no que grandes masas de xente ateigaron os supermercados para mercar compulsivamente por medo ao desabastecemento e contravindo as normas para prever contaxios. Por se non abondase, a Consellaría de Medio Rural lles pagou unha campaña publicitaria baixo o lema “*Eu vou de superfeirón. E ti?*” na que se promoven os supermercados como substitutos das feiras tradicionais.
3. Obxectivamente, **a venda directa de alimentos é máis segura que a súa comercialización en supermercados:** menos posibilidade de contaminación ao non pasar por intermediarios nin tocarse os alimentos nos andeis e celebración ao aire libre ou en grandes espazos como prazas de abastos.

FIN ■

AS AXUDAS DA COVID ▶ As axudas estatais non se adaptan á realidade galega e as da Consellaría de Medio Rural non se plasmaron aínda en medidas concretas

Os apoios de Xunta e Goberno pola Covid ao agro, poucos e por contagotas

Os fondos para viño, flor, planta, ovino e caprino do Estado non repercuten na Galiza pola escasa contía e os requisitos inasumibles

Dende o comezo do estado de alarma, o Goberno do Estado discriminou a Galiza nas poucas axudas que se activaron para os sectores agrogandeiros afectados. As primeiras foron as destinadas aos sectores de ovino e caprino. Cos baremos esixidos, as granxas galegas tan só levaron 62.952 € dos 10 millóns que se repartiron, ás penas o 0'6%. Xa co estado de alarma practicamente rematado, o Ministerio activou axudas para o sector do viño, pero de novo unhas regras pensadas para favorecer outras comunidades fixeron que só houbera 17 solicitudes que aspiran a levar uns 200.000 € dun total de 90 millóns (ver páx 10).

Xa a comezos de xullo, publicáronse no BOE as bases para as axudas para os sectores de flor e planta, que subvencionan producións destruídas entre o 14 de marzo e o 15 de maio, cun amplo abano de contías que van dende os 7 € por m² de freesia aos 80 € por m² para os cactus echeverias crasas. Se temos en conta que as perdas no sector foron de 400 millóns de euros no Estado (18 millóns na Galiza), e que o orzamento para estas axudas é de 10'5 millóns (o 2'6% das perdas), pouco máis hai que dicir.

Así as cousas, só nos quedaba a Consellaría de Medio Rural como única vía para termos axudas adaptadas a Galiza e para apoiar os sectores máis castigados polas restricións do estado de alarma. Para saber algo, houbo que agardar ao Consello Agrario Galego do 16 xuño,

ao que asistiron, polo SLG, Isabel Vilalba Seivane, Mónica Amado, Xosé Manuel Parente e Sonia Vidal Lamas.

Pese a agardar medidas concretas para a crise, o único que puidemos ver no Consello Agrario foi o Power Point co que o conselleiro de Medio Rural, José González, nos presentou o seu "Plano de Reactivación do Agro (PRA)", dotado seica con 165 millóns de euros. Moitas das medidas, sen dúbida, poden ser positivas pero, polo de agora, o único que temos seguro é o anticipo da PAC.

Este Fouce imprimíuse o 9 de xullo, data na que aínda non se concretara o PRA e coa incerteza de saber quen nos vai gobernar a partir do 12 de xullo.



Ao peche deste Fouce, o único que vimos do Plan de Reactivación do Agro de Medio Rural foi un Power Point de presentación no Consello Agrario Galego

O DOG contradí as promesas do Plan de Reactivación do Agro de Medio Rural

Máis alá do Plano de Reactivación do Agro, no Consello Agrario Galego non se tocaron cuestións fundamentais nin as contradicións nas que está a incorrer a propia Consellaría. Vexamos algunhas:

▶ **Ningunha medida para atallar a caída xeneralizada de prezos en varios sectores**, mesmo para aqueles proxectos labregos que se acolleron a Mercaproximidade.

▶ Dende o SLG pedimos que se comece a traballar dende xa nos **contratos do viño** e na **negociación de acordos sobre prezos** cunha marxe digna. Segundo o conselleiro, isto farase a través dos consellos reguladores, polo que Medio Rural segue sen intención de convocar a mesa do viño.

▶ Tamén pedimos que a Consellaría de Medio Rural cumpra o seu compromiso de realizar un **estudo dos custos de produción actualizado que sirva como referencia para marcar os prezos no sector lácteo**, ademais de convocar a mesa do leite para frear a escalada que se está a producir na caída de prezos. O conselleiro limitouse a apuntalo sen comprometerse a nada.

▶ Respecto ás nosas **peticións reiteradas de información** e datos sobre Mercaproximidade

ou as importacións de leite e derivados lácteos na Galiza, seguimos sen resposta.

▶ Tampouco respondeu a Consellaría de Medio Rural a outras cuestións fundamentais para o noso agro, como ás nosas propostas de abordar os cambios lesivos para o agro que se produciron na **Seguridade Social**, a flexibilización dos **sistemas de control en Tenreira Galega**, os problemas das **tramitacións a través de Internet** que deixan fóra do sistema miles de labregos e labregas ou da **protección da terra agraria** fronte ás forestacións.

Ademais, coincidindo coa celebración do Consello Agrario Galego, o Diario Oficial de Galicia (DOG) publicou as bases para a solicitude de axudas para comedores escolares. Unha vez máis, segue sen valorarse a compra de produtos locais, ou tan sequera da Galiza, para apoiar a economía labrega. Porén, esta era unha das medidas anunciadas polo conselleiro no Plano de Reactivación do Agro: a compra de produtos locais para comedores escolares a través dos GDRs. É dicir, a realidade do DOG xa comezaba ese mesmo día a contradicir as promesas da Consellaría de Medio Rural.

O SLG reclama axudas para horta, ovino, cabrún, vacún de carne, flor, viño, pataca e transformados

A crise actual e o desamparo que sofren as nosas granxas coas liñas de axudas que está creando o Ministerio de Agricultura, fan necesario que a Consellaría de Medio Rural tome as rendas na Galiza e cree liñas de axuda adaptadas á nosa realidade. Dende o Sindicato Labrego Galego, cremos que deberían ser as seguintes:

1. Explotacións de horta, de planta ou mixtas, que fan venda directa (mercados e/ou restauración) e que habitualmente non cobran axudas. En extensión son moi pequenas, polo que calquera cobro por hectárea non vai servir. Precisan unha axuda de minimis por persoa como compensación ao peche dos mercados e da restauración.

2. Explotacións de ovino e cabrún. Sector moi afectado polo peche das súas canles de venda normais. Non esperan que mellore a comercialización polas restricións que posiblemente seguirán existindo para os actos nos que se acostuma consumir esta carne. As axudas publicadas no BOE van ter uns efectos cativos na Galiza, xa que os nosos rabaños son pequenos e porque, segundo os datos das axudas acopladas, só hai 173 explotacións de ovino e 23 de cabrún en toda Galiza que cobren as axudas asociadas voluntarias de ovino e cabrún. Polo tanto, na convocatoria que faga Galiza, debe rebaixarse o límite inferior de máis de 50 (ovino) e 30 (cabrún) femias reprodutoras para adaptarse á realidade da nosa terra. Tamén se debería pagar máis polos primeiros animais ou pagar por activo. Navarra creou unha axuda de minimis para este sector.

3. Explotacións de carne bovina. No sector calculan que caeu o prezo un 30%, baixada que se fixo máis acusada no vacún maior. Estamos a falar de granxas que xa viñan tendo unha escasa rendibilidade, polo que calquera variación mínima no prezo fai que perigue a súa existencia. Posiblemente, neste caso tarde máis en recuperarse o prezo e o mercado. Sería conveniente, polo tanto, estudar a posibilidade de crear unha axuda de minimis tamén para este sector, baseada nas perdas sufridas nos becerros vendidos dende marzo até que remate o estado de alarma.

4. Pequenas industrias transformadoras (adegas, queixerías, etc.) que non entran na distribución dos supermercados. As canles de venda pecháronse por completo. O primeiro mes foi, en moitos casos, de facturación cero. Algunhas tentaron outras formas de comercialización, pero pensamos que hai que evitar o seu peche. Cómpre establecer unha axuda directa se non queremos que a pequena transformación desapareza.

5. Pequenas explotacións agrícolas non alimentarias, como as de flor cortada, planta, etcétera, que viron anuladas as súas vendas e, polo tanto, tamén precisarán axudas específicas.

6. Pataca e sector vitivinícola: O SLG xa reclamou axudas específicas para estas producións, ao borde do colapso pola paralización de grandes continxentes de viños nas adegas ou pola obriga de vender a pataca por baixo de custes. Consultar:

- ▶ bit.ly/PatacaLimiaCovid
- ▶ bit.ly/ViñoCovid19



Unha das poucas medidas de apoio ao agro da Xunta foi a desafortunada campaña #voudeSuperFeirón coa que Medio Rural lles pagou, con cartos públicos, publicidade ás grandes cadeas de supermercados

Ademais, tal e como seguimos solicitando dende o Sindicato Labrego Galego, as axudas deben vir apoiadas por outras medidas de reforzo como campañas publicitarias para promover o consumo de produtos galegos (que non é o mesmo que apoiar o consumo de produtos galegos en supermercados), intensificar a compra pública de alimentos para fornecer institucións como hospitais ou residencias, ou ampliar Mercarproximidade ao pequeno comercio cunhas normas de compra en orixe transparentes e igualitarias.

A Axencia Tributaria aprazou os pagos do primeiro trimestre tarde, mal e arrastra

O 24 de marzo, dende o SLG pediamos á Axencia Tributaria o aprazamento das declaracións e liquidacións do primeiro trimestre nos sectores agrogandeiros. Un mes despois da nosa petición, o 15 de abril, o BOE publicaba un real decreto lei polo que se ampliaban os prazos, pero chegaba tarde, mal e arrastra.

Para empezar, mal, pois foi insuficiente: nós solicitamos poder presentar o primeiro trimestre conxuntamente co segundo, con prazo até o 20 de xullo. Ademais, tarde e arrastra, xa que a tardanza de case un mes en publicar esta decisión dende a nosa solicitude anulou os efectos positivos que pretendiamos coa ampliación.



PATACA ▶ A venda da pataca agria, para fritir, colapsou debido ao peche da canle Horeca (hoteis, restaurantes, cafetarías) durante o estado de alarma

O SLG pide axudas para a pataca tralo fracaso de Mercaproximidade

A alternativa artellada pola Consellaría de Medio Rural para vender a supermercados non foi suficiente

O Sindicato Labrego Galego, tras celebrar unha asemblea de produtores e produtoras de pataca en Xinzo de Limia a comezos de xullo, acordou reclamarlle á Xunta unha liña de axudas para compensar as perdas económicas provocadas polas restricións do estado de alarma para enfrontar a pandemia da Covid-19.

O confinamento e o peche da hostalería fixeron que quedasen grandes continxentes con millóns de quilos de pataca almacenada sen saída comercial, nomeadamente da variedade Agria, especial para fritir, da que se fornece a hostalería. A pesares de que a Consellaría de Medio Rural tentou dar saída á pataca almacenada a través da experiencia Mercaproximidade, esta solución non serviu. Segundo informou o conselleiro de Medio Rural, José González, no último Consello Agrario Galego, lograron sacar 3'5 millóns de quilos a través desta canle comercial.



Sen medios para comprobar este dato, o que si sabemos é que foron moitas as explotacións que quedaron coa pataca sen vender nunha situación moi comprometida. Por unha banda, a chegada das boas temperaturas ía acelerar o deterioro do produto; pero, ademais, a nova campaña comezaba e precisábanse baleirar os almacéns para comezar a traballar coa pataca de semente.

Desa situación desesperada aproveitáronse intermediarios e almacenistas, que deron saída á pataca con prezos miserables a partir de 4 céntimos o quilo que, no mellor dos casos puideron chegar aos 8-10 céntimos pero que nos peores foron levan-

das sen prezo para ser pagadas a posteriori ou, simplemente, para librar aos produtores e produtoras de ter que custear, por riba, a destrución da pataca que tiñan almacenada.

Ao final, foron os almacenistas os que deron saída á pataca parada, pero a costa da rendibilidade dos produtores e produtoras. Por iso, dende o SLG, pedimos que a Medio Rural inclúa o sector da pataca entre os damnificados pola pandemia do Covid-19 e cree axudas para compensar as perdas e para garantir a continuidade das explotacións afectadas dentro do "Plan de Reactivación do Agro" presentado no Consello Agrario Galego.

SETA ▶ Publicados no BOE o 22 de abril

Esiximos a derogación dos novos requisitos de inclusión no Réxime Especial Agrario

O Sindicato Labrego Galego rexistrou, o 24 de abril, un escrito diante da Delegación do Goberno para solicitar a derogación da modificación permanente dos novos criterios de inclusión no Sistema Especial de Traballadoras e Traballadoras do Agro (SETA).

Estas modificacións publicáronse no BOE e están vigentes dende o 23 de abril **sen diálogo previo coas organizacións agrarias**.

Entre outros cambios, **as granxas só poderán ter un máximo de dúas persoas empregadas se queren seguir dentro do SETA**. Até agora, podías ter dúas persoas empregadas por cada titular. As máis afectadas serán as explotacións resultantes dunha fusión, que podían contratar 2 empregad@s por cada soci@; agora, se pasan de 2 traballadoras/es, terán que estar no Réxime Especial de Autónom@s (RETA), que é máis caro.

Este decreto tamén **elimina o límite máximo no beneficio da explotación**, co que quedamos sen un dos poucos criterios claros para determinar a inclusión nun sistema ou noutro. Ate agora, só podías cotizar polo SETA se non superabas os 36.630 € de beneficio anual. Agora xa non importa canto gañes. Podes ter millóns de beneficios e seguir cotizando pola agraria, pero como contratos máis de dous traballadores/as, entón tes que pasarte a autónom@s.

Tamén se elimina o requisito de obter o 50% das rendas da actividade agraria e o 25% como resultado do traballo directo, creando inseguridade para titulares con outra actividade a maiores da agraria.



O SLG pediu o adiamento do saneamento gandeiro até superar o estado de alarma

Dende o SLG trasladámoslle a Medio Rural a nosa preocupación diante do anuncio de volver poñer en marcha o saneamento gandeiro en pleno estado de alarma polo Covid-19 e pedimos o seu adiamento até que todo se normalice.

Parecíanos moi arriscado que se obrigase ao persoal ve-terinario a viaxar de granxa en granxa a realizar unha actividade na que decotío non é posible manter as distancias recomendadas entre persoas, podendo facer involuntariamente de vectores de transmisión do coronavirus no rural.

ARTESANÍA ALIMENTARIA ▶ En agosto entrará en vigor un decreto que practicamente xa estaba rematado en 2008 e que sufriu nese período todo tipo de atrancos

A Xunta regula a medias a artesanía alimentaria tras doce anos de espera

Queda pendente a publicación das normas técnicas para regular que, canto e como se pode producir artesanalmente

Este mes de agosto entrará en vigor o Decreto 174/2019 que regula a artesanía alimentaria na Galiza. Coa súa publicación ponse fin a un camiño, demasiado longo, que comezou hai máis de doce anos. Foi en 2008 cando a Xunta comezou a traballar nun borrador de decreto que a piques estivo de publicarse daquela pero, coa chegada de Feijóo a San Caetano, entramos nun período no que se sucederon varios borradores e moita frustración nun proceso que culminou no actual decreto.

Esta normativa estaba a ser moi agardada polas organiza-

cións que levamos anos traballando por poñer en valor os nosos produtos artesanais, as canles curtas de comercialización e as producións labregas. Ademais de agardado, o decreto creou unha grande expectación por ver se pode ser unha ferramenta útil que artelle e potencie unha actividade, como a das producións alimentarias artesanais, que se está a perder dunha maneira moi acelerada.

Unha vez analizado polo equipo técnico do SLG, constatamos que estamos diante dunha regulación a medias, xa que só trata a parte administrativa e burocrática do marco lexislativo das producións artesanais de alimentos. A outra parte, que é tan relevante ou mesmo máis ca esta, aínda está en proceso de elaboración. Esa parte pendente



é a das normas técnicas que van regular que podemos producir, canto, e como temos que facelo.

Polo tanto, até que se publique non poderemos ver os efectos nin a utilidade que terá.

O novo decreto derroga a normativa que rexe na elaboración de produtos con leite cru de vaca

■ Que regula o decreto 174/2019?

O decreto publicado regula a produción de alimentos artesanais, tanto de orixe agraria como de pesca, marisqueo ou acuicultura. Pode tratarse tanto de producións continuas como temporais.

Estes alimentos artesanais teñen que ser pequenas producións coa intervención directa da persoa que sexa o artesán ou artesá alimentario/a.

■ Quen é artesán alimentario ou artesá alimentaria?

É a persoa que elabora produtos artesanais e pode vendelos. Para que lle recoñezan a condición de artesán ou artesá, a persoa interesada debe demostrar tres anos de experiencia acumulada elaborando produtos dun xeito similar aos que regula o decreto. Esta experiencia reducirase a un ano se pode acreditar 250 horas de formación na materia.

Estes requisitos para recoñecer as persoas

artesanais xerannos moitas dúbidas. Por exemplo, como vai axudar a que as persoas sen experiencia poidan obter a condición de artesán ou artesá? Este requisito agrava un dos problemas que a xente moza está a ter á hora de atopar o seu primeiro emprego: precisa ter experiencia para poder traballar, pero sen traballar non pode ter experiencia. Trátase da pescada que morde a cola. Neste senso, dende o SLG reclamamos que sexan as administracións públicas quen deseñen os contidos e oferten a formación esixida para ser artesán ou artesá de alimentos.

■ Derrogación das normas para elaborar produtos lácteos con leite cru de vaca

Este decreto tamén regula a creación do Consello Galego de Artesanía Alimentaria e a creación das asociacións artesanais alimentarias.

Un aspecto importante da nova normativa é que derroga o decreto 125/1995, do 10 de

maio, polo que se regula a elaboración de produtos lácteos a base de leite cru de vaca, considerados como produtos tradicionais. As explotacións inscritas ao seu abeiro, terán dous anos para inscribirse baixo o decreto de artesanía alimentaria. Con isto perderán a súa condición de “produto tradicional”, termo que, por outra banda, nunca se preocuparon en fomentar e impulsar dende a Xunta.

Dende o Sindicato Labrego Galego, levamos décadas loitando para que as administracións do noso país entendan que as pequenas producións que fan venda directa teñen dereito á flexibilización das normativas que se promoven dende a Unión Europea, non só as relativas a seguridade e hixiene. Esta flexibilización é chave para facilitar a súa viabilidade. Polo de agora, teremos que agardar para saber se esta flexibilización se leva á práctica ou, pola contra, volven incidir nos atrancos administrativos e burocráticos que están a afogarnos.

SEGUE ▶

O decreto distingue entre produtos artesanais caseiros e produtos artesanais de montaña

O decreto protexe e restrinxe para a elaboración de alimentos os termos «artesán/n», «artesanal», «artesán da casa» ou «artesán caseiro» e «artesán de montaña». Só poderán utilizarse na etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos que cumpran o esixido no decreto. Neste senso, o decreto divide as producións artesanais en tres tipoloxías: produtos artesanais, produtos artesanais caseiros e produtos artesanais de montaña.

► **Producións artesanais:** Son industrias alimentarias e deberán seguir as normas técnicas que regularán os diferentes tipos de produtos, coas súas esixencias e limitacións específicas. Poderán vender as súas producións libremente e usar o nome “produto artesán”. Deberán inscribirse no Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos.

► **Producións artesanais caseiras:** Deben ser labregas e usar a súa propia produción coma ingrediente principal. Terán que vender os seus produtos artesanais caseiros nos mercados locais a unha distancia máxima de 100 km contados dende a granxa. No SLG esta limitación parécenos absurda por non comprender a realidade nin as necesidades das canles curtas de comercialización que temos á nosa disposición na actualidade.

Estes produtos poderán desfrutar da tan ansiada flexibilización da normativa de seguridade e hixiene que levamos anos reclamando, coma un dereito e unha necesidade do sector agrario que quere transformar a súa produción. Falta ver como entende a Xunta esta flexibilización e como a pon en marcha. Levamos tantas decepcións e atrancos ao longo dos últimos anos neste tema que agardamos con escepticismo e teméndonos o peor, pero non podemos facer unha valoración mentres non se elaboren as normas técnicas que regulen esta produción alimentaria.

Polo demais, estas producións poderán utilizar libremente o nome “produto artesán caseiro” e deberán inscribirse no Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos (Regasa).

► **Producións artesanais de montaña:** Son coma os produtos artesanais que acabamos de ver, pero terán que elaborarse en zonas de montaña. Poderán vender as súas producións libremente e usar o nome “produto artesán de montaña”.

VACÚN DE CARNE ► A súa función sería agrupar a oferta para gañar en poder negociador, pero facilitaríalle as compras aos grandes matadoiros

A Unión Europea pretende impoñer as OPCs no sector da carne de vacún

O seu equivalente no sector lácteo, as OPLs, fracasaron ao non dar feito nin unha soa negociación de prezos

Un dos temas de máis relevancia que se trataron neste 2020 no seo da Dirección da Carne do Sindicato Labrego foi o das Organizacións de Produtores e Produtoras de Carne (OPCs), un tipo de asociación que se está a promover dende a Unión Europea para reforzar a posición das granxas na cadea de valor. Actualmente, o Ministerio de Agricultura está redactando o borrador que regulará as organizacións de produtores e produtoras de carne (OPCs) para vacún, ovino e caprino.

En teoría, unha OPC é unha asociación de produto-



As OPCs foron tratadas na última xuntanza da Dirección da Carne celebrada antes da declaración do estado de alarma pola pandemia do Covid19

res e produtoras que se unen para concentrar a oferta e gañar forza á hora de negociar as condicións de venda da carne e os prezos. Pero, pola experiencia que temos no sector lácteo, onde este tipo de asociación leva varios

anos funcionando, até agora as OPLs (organizacións de produtores e produtoras de leite) non serviron para nada, xa que as industrias seguen impoñendo o prezo que queren sen que haxa ningún tipo de negociación.

Entrar nunha OPC obrígache a vender o 100% da túa produción a través dela

No caso do sector cárnico, os produtores e produtoras que se unan nunha OPC estarían na obriga de vender toda a súa produción (o 100%) a través dela. Para poder constituír a OPC, esta debe ter unha dimensión mínima de 15.000 UGMs, que se reducirían a 2.500 UGMs en caso de carne de calidade amparada por unha indicación xeográfica protexida. Ademais, os produtores e produtoras que formen unha OPC estarían na obriga de ficar nela por un período mínimo de dous anos.

No debate que se fixo sobre esta cuestión na Dirección da Carne, a totalidade dos comentarios foron negativos fronte a este tipo de asociacións. Trátase dunha tentativa de Bruxelas de instaurar unha caste de sindicalismo amarelo para dinamitar demandas como a esixencia de prezos mínimos para os produtos gandeiros.

Máis en detalle, hai matices moi negativos nas obrigas destas OPCs. Por exemplo, ter que dar saída ao 100% da túa produción a través da OPC implica renunciar a pequenos clientes

de toda a vida como carnicerías, comercios locais ou grupos de consumo e particulares aos que se lles vendía directamente. Ademais, os volumes de produción manexados polas OPCs farán que só lle poidan vender a grandes matadoiros, polo que as pequenas salas de despece tenderían a desaparecer.

Ao final, conseguiríase o de sempre: concentrar aínda máis o poder de compra nunhas poucas distribuidoras e grandes matadoiros que, probablemente, acabarían pactando entre eles os prezos que quixesen para impoñelos ás OPCs, que seguirían carecendo de poder de negociación. En realidade, serían estes grandes matadoiros os grandes beneficiados das OPCs, xa que lles servirían para garantir, agrupar e facilitar a adquisición dos grandes volumes de compra que manexan decotío.

O único punto positivo que tería unha OPC é que computaría como baremo para sacarlle uns euros máis ás axudas da PAC, pero non compensaría os inconvenientes devanditos.

INCENDIOS ▶ Un ano máis, a Consellaría de Medio Rural volveu impoñer o Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais sen transparencia nin consenso

Plantón á Xunta no Consello Forestal pola falta de diálogo no Pladiga 2020

A protesta foi apoiada por Amigos da Terra, Frouma, Federación Ecoloxista Galega, Organización Galega de Montes e SLG

No Consello Forestal do 28 de maio volveuse repetir o plantón das organizacións sociais á Consellaría de Medio Rural por vetar a súa participación no deseño e elaboración do Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia 2020 (Pladiga). Nesta ocasión, fomos Amigos da Terra, Frouma, Federación Ecoloxista Galega, Organización Galega de Comunidades de Montes e Sindicato Labrego quen denunciámos a situación.

Segundo establece o Decreto 306/2004 do 2 de decembro polo que se crea o Consello Forestal de Galicia, e a Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, o Consello Forestal de Galicia é un órgano Colexiado onde se debe asegurar a partici-



Imaxe de arquivo dunha xuntanza do Consello Forestal de Galicia

pación cidadá na política forestal. Pero, dende hai anos, esta participación límitase a un mero trámite para cumprir coa obriga de convocalo a fin de proseguir cos procedementos legislativos e de regulamentación relativos á materia.

Se ben, nalgúns ocasións, trasládase información ás entidades membros e se lles dá un prazo para contribuír con ache-

gas aos textos, en ningún caso se habilita un espazo para a socialización do argumentario das distintas organizacións, nin se abre un debate real entre estas e a administración.

No caso do Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia (Pladiga) e todo o que se refire á prevención e extinción de lumes forestais, isto lévase ao extremo

de non permitir ningún tipo de participación social das organizacións sectoriais, servíndose delas para lexitimar unha política que emana unicamente do goberno da Xunta e relegándoas a simples espectadoras dos procedementos.

Ademais, o Consello Forestal do 28 de maio convocouse in extremis se temos en conta que estaba a piques de comezar a campaña do dispositivo de extinción; e entregando a documentación, dun volume importante, cun prazo moi escaso para poder ser analizada.

As organizacións que nos negamos a participar na pantomima do Consello Forestal levamos tempo denunciando esta situación e demandando que se dea unha solución á utilización interesada deste órgano Colexiado, polo que non participaremos nas convocatorias relacionados co Plan contra os Incendios Forestais mentres non se garanta a participación real das entidades membros do Consello Forestal de Galicia.

O Sector do Viño do SLG criticou as axudas convocadas polo Ministerio de Agricultura para compensar as perdas provocadas polo peche da hostalería durante o estado de alarma.

En primeiro lugar, deuse un prazo mínimo, de só cinco días e cunha fin de semana polo medio, para facer a solicitude. Ademais, esta só podía realizarse por vía telemática, cos atrancos que isto supón na Galiza e no rural.

Finalmente, a superficie de viñado esixida para solicitar, un mínimo de 3.000 m², excluía a maioría das nosas explotacións vitícolas (as últimas estatísticas

O Ministerio de Agricultura deixa Galiza fóra das axudas do viño polas perdas da pandemia

agrarias do Ministerio de Agricultura, de 2015, falan de 30.793 hectáreas de viñado na Galiza repartidas en 215.240 explotacións, o que nos dá unha superficie media dos viñedos de 1.400 m²).

As críticas do SLG axiña se confirmaron con feitos: na Galiza, só se tramitaron 17 solicitudes de axuda: dez para almacenamento privado de viño e

sete para vendimar en verde. Se estas 17 axudas van para adiante, Galiza recibirá 236.467 € do orzamento de 90 millóns destinado para esta finalidade.

Bernardo Estévez, responsable do Sector do Viño do SLG, explica que estas axudas saen dun decreto “feito para favorecer as zonas produtoras de grandes graneis, como Castela A Mancha ou Estremadura”. Pola

súa banda, Xosé Manuel Parente, coordinador do SLG no Ribeiro e Valdeorras, concreta que “precisamos un plan propio galego con medidas realmente efectivas que garantan a supervivencia da nosa viticultura. Hai que habilitar unha axuda directa ás explotacións, tendo en conta o prezo medio da uva das últimas tres campañas, para garantir a renda dos viticultores e viticultoras”. Ademais, “a Consellaría de Medio Rural ten que implicarse para que nesta campaña non quede uva sen recoller, con axudas tamén ás adegas que recollan a uva e cumpran cos prezos pactados”.

LEITE ▶ O Sindicato Labrego Galego denunciou estes feitos diante da Aica (Axencia de Control e Información Alimentarios) para que sancione ás empresas fraudulentas

A industria extorsiona as granxas lácteas obrigando a falsear cláusula dos custes

O prezo medio non chega a 33 céntimos, cando os custes andan ao redor dos 39 segundo os estudos do Ministerio de Agricultura

A recente reforma que fixo da Lei da Cadea Alimentaria o Ministerio de Agricultura, presionado polas fortes protestas do agro en todo o Estado, obriga a incluír unha cláusula nos contratos na que se faga referencia a que o prezo pactado entre industrias e produtores e produtoras cobre os custes de produción.

Aínda que en teoría poida parecer unha medida positiva, ao non establecerse unha referencia oficial sobre os custes de produción, no sector lácteo as industrias están a impoñer, baixo ameaza, o seu criterio nesta cláusula como no resto de termos que inclúen os contratos: ou asinas, ou deixan de recollerche o leite. Así, na práctica, todas as granxas están asinando que o prezo que lles impón a industria cobre os custes de produción aínda a sabendas de que iso é falso.

O prezo medio na Galiza mantívose estancado á baixa dende xaneiro a abril. Os datos do sector nas estatísticas do Fondo Español de Garantía Agraria (Fega) revelan unha media de 32'6, 32'4, 32'3 e 32'4 céntimos nos meses referidos, tendencia que continuará nos seguintes xa que as industrias están obrigando a asinar contratos á baixa para a seguinte campaña.

Con datos coma estes, resulta evidente que os prezos do leite en orixe na Galiza non están a cubrir os custes de produción. Nunca o fixeron, polo que a cláusula dos custes semella máis ben un engano do Ministe-

rio de Agricultura para acalar as protestas labregas sen contrariar á industria. O peor de todo é que esta extorsión legalizada estase a perpetrar con absoluta impunidade grazas ao amparo e pasividade do propio Ministerio de Agricultura e da Consellaría de Medio Rural, que miran cara a outra banda en vez de defender os intereses do agro.

✓ A Aica xa ten coñecemento disto pola denuncia do SLG

Esta práctica violaría o novo artigo da Lei da Cadea Alimentaria, de maneira xeneralizada por parte das industrias lácteas, que apunta, no apartado J), a obriga de que figure no contrato *"indicación expresa de que o prezo pactado entre produtor primario agrario, gandeiro, pesqueiro ou forestal ou unha agrupación destes e o seu primeiro comprador cobre o custo efectivo de produción"*.

Para demostrar que os novos contratos que se están a asinar, inclúan ou non a cláusula, incumpren sistematicamente a cobertura deses custes, o Sindicato Labrego Galego cita na súa denuncia o Estudo de Custes e Rendos das Explotacións Agrarias (Ecra) do Ministerio de Agricultura, que sitúa os custes medios de produción das granxas lácteas galegas en 39 céntimos; contrastado cos índices de prezos medios publicados polo Observatorio do Sector Lácteo do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga), que revela uns prezos medios ponderados ao redor dos 32 céntimos, e con tendencia á baixa nos novos contratos que se están a asinar.

Na súa denuncia, o SLG sinala á práctica maioría de operadores e industrias como culpables e *"o inmenso temor ás represalias"* que teñen as granxas de



Cartaz da campaña de denuncia realizada polo Sindicato Labrego Galego

denunciar por si mesmas ou de negarse a asinar uns contratos nos que non se di a verdade.

Con esta denuncia, dende o Sindicato Labrego Galego agardamos que a Aica, como organismo competente para realizar as comprobacións que corres-

ponda das denuncias por incumprimentos da Lei da Cadea Alimentaria, actúe e poña fin ás prácticas mafiosas da industria láctea obrigando a pagar ás granxas un prezo xusto e digno polo leite que realmente cubra os custes de produción.

As explotacións galegas perderon 160 millóns de euros en 2019

O Estudo de Custes e Rendos das Explotacións Agrarias (Ecra) do sector lácteo correspondente ao ano 2017 fixa en 39 céntimos o custe medio para producir un litro de leite de vaca nunha granxa galega, un valor moi afastado dos 32,4 céntimos que cobraron as nosas granxas en abril. Se utilizásemos este custe de produción, que se incrementou nos últimos anos, e calculamos o diferencial do que perderon as nosas granxas por non ingresar eses cartos, só en 2019 o sector lácteo galego deixou de ingresar case 160 millóns de euros (159.596.767 €), o que supón unha media de máis de 13 millóns de euros por mes (13.299.730 €).

O Ecra tamén revela outros datos interesantes, como que o beneficio da produción leiteira en orixe foi negativo, de -3'3 céntimos por litro. Esta actividade ruínosa e con perdas quedaría compensada polas axudas desacopladas, que deixarían un beneficio final de 1 céntimo por litro. Se quitamos as axudas da ecuación, cada granxa tería unhas perdas de preto de 300 € por vaca. O Ecra é un estudo fiable, realizado pola pola Subdirección Xeral de Análises, Coordinación e Estatística para o Ministerio de Agricultura. No caso galego, analizáronse 64 explotacións de leite de diversas tipoloxías.

MOBILIZACIÓNS ▶ A finais de febreiro, o Sindicato Labrego Galego poñía en marcha unha campaña de mobilizacións baixo o nome “O rural galego sobre a mesa”. Con esta iniciativa, enmarcada nas loitas labregas que se estaban a desenvolver en todo o Estado, pero enfocada na Galiza e na realidade e problemáticas galegas, pretendíase chamar a atención sobre a necesidade de poñer en marcha políticas dende todas as administracións dirixidas a dignificar a profesión labrega e a vida no campo. O avance da pandemia do Covid19 e, posteriormente, a declaración do estado de alarma, obrigaron a adiar a campaña da que neste Fouce avanzamos un resume e que, dalgunha maneira, segue viva porque seguimos mantendo as nosas demandas.

En loita para poñer o rural na mesa

O plan de campaña consistía en desenvolver numerosas accións a nivel comarcal, poñendo o acento en actividades informativas e de denuncia, para culminar, o 17 de marzo, nunha grande manifestación que ía consistir en arrodear a sede da Xunta en San Caetano, Compostela. As circunstancias, co estoupido da crise polo Covid-19, obrigáronnos a aprazar as accións o 11 de marzo. Ao pouco, eran declarados a emerxencia sanitaria pola Xunta e o estado de alarma polo Goberno central.

Co lema “O rural galego sobre a mesa”, quixemos chamar a atención sobre o feito de que sen medio rural e sen agricultura non hai alimentación, polo que debe ser unha prioridade das institucións públicas apoialas e defendelas (de aí outro lema da campaña: “*Se a aldea non planta, a cidade non xanta*”); pero tamén denunciar o feito de que o rural galego está fóra de todas as mesas de negociación onde se deciden as políticas que nos afectan, sexa na Consellaría de Medio Rural, sexa no Ministerio de Agricultura, sexa en Bruxelas.

Na rolda de prensa de presentación da campaña, a secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba, denunciou anomalías como que, en plena negociación da Política Agraria Común (PAC), a Consellaría de Medio Rural non tivese convocado as organizacións agrarias, nin en mesas de traballo nin no Consello Agrario Galego, para debater e acordar que modificacións se deben facer para defender mellor os intereses do noso agro. A día de hoxe, xa en verán, seguimos igual.



Unha das moitas accións realizada no marco da campaña “O rural galego sobre a mesa” foi esta concentración no Mercado da Terra, en Lugo, o 10 de marzo

Respecto das políticas que se están a desenvolver hoxe en día para o rural, Vilalba criticou que, por unha banda, o Ministerio de Agricultura diga que apoia as de-

mandas labregas pero, pola outra, estea a asinar tratados comerciais como o de Mercosur, que permite a entrada de grandes cantidades de carne de va-

cún na UE, un sector que xa estaba a acusar baixos prezos crónicos e que, agora mesmo, pasa por unha situación crítica ao pechárselle algunhas das súas principais vías de comercialización durante o estado de alarma.

A secretaria xeral do SLG tamén incidiu en políticas moi necesarias que poderían ser un revulsivo para o medio rural e para a agricultura, como a compra pública de alimentos labregos para fornecer hospitais, comedores escolares, etc; ou accións valentes de mobilidade de terras e protección do solo agrario que enfronten un dos problemas máis graves do noso agro: sermos unha das zonas de Europa con menor superficie agraria útil, cun 21% que dista moito do 40% da media comunitaria.

A gran esquecida do rural: a mocidade labrega

No mesmo acto de presentación, Sonia Vidal Lamas, gandeira de Xunqueira de Ambía e membro das executivas do SLG e da Coordinadora Labrega Europea, subliñou a necesidade de apoiar activamente a incorporación de xente nova á actividade agraria se queremos reverter o proceso imparable de desertización do noso rural. O certo é que as políticas actuais fan da incorporación á actividade agraria unha auténtica carreira de obstáculos: dificultade de acceso a base territorial, axudas escasas que mesmo minguan pola fiscalidade abusiva, burocracia abafante, investimentos enormes e baixos ingresos que fan pouco atractiva a profesión, etc. Unha das discriminacións máis palpables da xente nova é o reparto de axudas da PAC, que se basea nuns dereitos históricos en base á terra que exclúen sectores enteiros e, en especial, aos mozos e ás mozas que se inician na profesión.

Pola súa banda, Santi Rodríguez Cid, horticultor ecolóxico de Cartelle (Ourense), falou dunha campaña informativa que o SLG xa leva tempo desenvolvendo de cara a reforzar a relación entre a cidadanía e os labregos e labregas. Nestes actos, Santi Rodríguez constatou que unha parte importante das persoas que participan descoñecen de onde veñen os produtos dos que se alimentan ou como se cultivan.

Dende este punto de vista, Cid subliñou que as políticas das últimas décadas supuxeron o desmantelamento de moitos puntos de encontro entre o campo e as vilas, como feiras e mercados locais, que cómpre volver recuperar. Así, a Consellaría de Medio Rural debería investir menos en grandes campañas publicitarias, e máis en potenciar o consumo de produtos locais ou apoiar os mercados de proximidade.

SEQUE ▶

Presion para reformar a Lei da Cadea Alimentaria e xuntanzas cos partidos políticos

Un dos eixes das loitas labregas no Estado, antes da crise do coronavirus, foi o dos prezos. As fortes mobilizacións obrigaron ao Ministerio de Agricultura a mover ficha e reformar a Lei da Cadea Alimentaria. Porén, a secretaria xeral do SLG amosouse desconfiada, xa que esta non foi a primeira vez que se regulou a cadea de valor. Coma sempre, ao regularse en base á voluntariedade e boa fe das industrias e da distribución, con códigos de boas prácticas que non son obrigatorios, as reformas adoitan rematar en fracaso.

Dende este punto de vista, a única medida que pode cambiar as cousas é formar os prezos de abaixo cara a arriba, partindo duns índices de referencia sobre custes de produción -que na Galiza poderíanse establecer en base a estudos do Centro de Investigación Agraria de Mabegondo- e, en base a eses prezos mínimos, construír o valor final dos alimentos.

■ Encontros co BNG e En Marea

As primeiras accións da campaña consistiron na creación dun decálogo de medidas urxentes para o noso agro e na súa presentación diante das administracións competentes e dos grupos políticos con representación no Parlamento de Galicia. Aínda que se solicitaron xuntanzas con todos, antes de aprazar a campaña só nos demos reunido con Mini Rivas, do BNG; e con Davide Rodríguez, de En Marea.

Ademais, realizáronse diversos actos informativos coa nosa afiliación ou abertos á cidadanía en vilas como Ordes, Xinzo de Limia, Betanzos ou Vilalba; e tamén promoción directa en diversas feiras como as de Carballo, Arzúa ou a do Viño en Chantada. O 10 de marzo, ademais, fixemos unha concentración reivindicativa no Mercado da Terra, en Lugo.

Un decálogo para blindar a profesión labrega e a produción de alimentos

O Sindicato Labrego Galego elaborou un decálogo de medidas imprescindibles para revitalizar o medio rural e facer da agricultura e da produción de alimentos o seu principal motor económico. Este decálogo constitúe unha táboa reivindicativa irrenunciable para defender pola nosa organización diante de todas as institucións con responsabilidades nas políticas agrarias, e tamén un eixe fundamental da campaña de mobilizacións "O rural galego sobre a mesa". Moi resumidas, estas son as nosas dez demandas. Podes consultar o decálogo íntegro en bit.ly/decálogoSLG:

1. PREZOS DIGNOS: Garantía de prezos dignos para as persoas produtoras na Lei da Cadea Alimentaria e na transposición da Directiva de Prácticas Desleais na Cadea Alimentaria.

2. TRATADOS DE LIBRE COMERCIO: O Goberno Español debe rexeitar o acordo comercial da Unión Europea con Mercosur e calquera outro tratado comercial que poña en perigo os nosos propios sectores agrarios e gandeiros.

3. APOSTA POLA AGROECOLOXÍA: Unha conversión ordenada e desintensificadora cara a un modelo agroecolóxico vai ser a única maneira eficaz de que a agricultura sexa unha ferramenta útil na loita contra a emerxencia climática. Ademais, cómpre aplicar a agroecoloxía de maneira integral en cuestións como o fomento do consumo de produtos de proximidade, coa compra pública de alimentos con relacións comerciais xustas en circuitos curtos de comercialización ou garantindo condicións laborais dignas das persoas que traballan a terra.

4. PROTECCIÓN DA TERRA AGRARIA: Galiza ten un 21% de superficie agraria, que é unha das porcentaxes máis baixas a nivel estatal e europeo. Os partidos políticos deben apoiar a proposición de Lei de Protección dos Solos de Alto Valor Agrológico e dos Solos de Interese Agraria que rexistramos no Congreso as organizacións e colectivos que formamos parte da rede Intervegas. Ademais, Galiza ten que aumentar a SAU como mínimo ate un terzo da súa superficie.

5. UNHA PAC SOCIAL E LABREGA: As axudas da PAC resultan totalmente discriminatorias para as persoas mozas, para o modelo de produción ecolóxico e para Galicia. É necesario abandonar como referencia fundamental a superficie, que penaliza

a Galiza, e empregar como criterio de cobro as persoas en activo. Rexeitamos o emprego dos dereitos históricos de cobro e defendemos a necesidade de pór topes (en ningún caso deben superarse os 60.000 euros por beneficiario/a), e redistribuír os fondos da PAC entre os labregos e labregas que realmente traballan a terra e viven dela.

6. RELEVO XERACIONAL: Apoio ao relevo xeracional dotado con orzamentos suficientes. Unha medida concreta que reivindicamos dende o SLG a este respecto é que as axudas para a incorporación de xente moza ou a transmisión de granxas dun titular a outro estean exentas de tributar.

7. FAUNA SALVAXE: As administracións deben responsabilizarse dunha fauna salvaxe que forma parte do noso patrimonio natural común e da que, agora mesmo, están a responsabilizarse en gran medida as granxas que a sosteñen cos seus cultivos e o seu gando. Cómpre dotar orzamentos suficientes para levar adiante as medidas necesarias para garantir o estado sanitario, o control da poboación e o pagamento da totalidade dos danos causados, sexa cal sexa a especie ou o estrago, asumindo a administración a responsabilidade civil subsidiaria sobre os mesmos.

8. SERVIZOS PÚBLICOS NO RURAL: Garantir a existencia de servizos públicos de calidade suficientes no medio rural.

9. SEGURIDADE SOCIAL: A Seguridade Social debe observar a especificidade dos sectores agrarios e gandeiros. A idade de xubilación non pode ir máis alá dos 65 anos. Ademais, deben tomarse medidas para mellorar as pensións de xubilación, en especial as das labregas, por ser das máis baixas. Debería crearse un sistema de cotización proporcional aos ingresos para garantir unha renda digna ao final da vida laboral nunca inferior ao Salario Mínimo Interprofesional.

10. IGUALDADE: Debería enfrontarse seriamente a aplicación da Lei de Titularidade Compartida e avanzar en cuestións como a paridade de cargos e responsabilidades en ámbitos como as cooperativas agrarias, as organizacións sindicais do campo ou as listas electorais no rural. En especial, é necesario enfrontar a violencia machista coas especificidades coas que se dá no rural, cun maior desamparo e indefensión das vítimas, e con suficientes medios humanos e materiais.

OS SEGUROS PARA O GANDO

Por **Ana Eiras**,
técnica de seguros
do SLG

Financiado por Entidad Estatal de Seguros Agrarios, O.A. (ENESA)

A actividade agrogandeira é, dentro das diversas actividades labregas, a máis propensa a sufrir perdas por clima adverso e enfermidades. Unha boa capacidade de anticipación pode axudarnos a evitar algúns riscos que poden poñer en perigo a viabilidade do noso medio de vida.


Os seguros agrarios son os mecanismos que temos para reparar danos extraordi-

narios por diversas causas. Todos contan con subvencións da Entidade Nacional de Seguros Agrarios (Enesa) e da comunidade autónoma, coa opción de fraccionar o pago co aval da Sociedade Anónima Estatal de Caución Agraria (Saeca). Na actualidade, temos un sistema de seguro agrario combinado no que podemos distinguir: seguros de gando, seguros agrícolas, seguros forestais e acuícolas.

Nesta publrreportaxe, imos centrarnos nos seguros para o gando, que nos trاندás novidades. Por unha banda, equípáranse os valores de animais con logotipo de raza autóctona aos das explotacións con indicación xeográfica protexida. Por outra, cúbrese a morte e o sacrificio necesario ou o sacrificio económico de animais como consecuencia de ataques de fauna salvaxe ou asilvestrada.

LEMBRA QUE NO SLG PODEMOS TRAMITARCHE O SEGURO COA COBERTURA QUE MÁIS LLE CONVEÑA Á TÚA GRANXA Infórmate en calquera das nosas oficinas bit.ly/enderesosSLG

Liña 401: Seguro para explotación de gando vacún de produción e reprodución



Garantía básica:

- ✓ Perda de calidade por saneamento.
- ✓ Febre Aftosa e Encefalopatía Esponxiforme Bovina (EEB).
- ✓ Adversidades climáticas, incendio e derrube de instalacións.
- ✓ Ataque de animais.
- ✓ Mortalidade masiva.

Garantías adicionales: (Contratación opcional)

- ✓ Accidentes individuais.
- ✓ Parto.
- ✓ Morte de crías.

- ✓ Mamite ou brote de mamite.
- ✓ Determinadas enfermidades.
- ✓ Síndrome respiratorio.
- ✓ Meteorismo agudo.
- ✓ Carbunco.
- ✓ Morte súbita.
- ✓ Diminución da produtividade.
- ✓ Perda de calidade do leite.
- ✓ Mortalidade por diversas causas.
- ✓ Ampliación da cobertura de saneamento.
- ✓ Privación de acceso a pasteiros por saneamento.

Liña 404: Seguro para explotación de gando ovino e caprino



Garantía básica:

- a) Para explotacións de reprodución
- ✓ Accidentes climáticos.
 - ✓ Incendio. ✓ Electrocución.
 - ✓ Estrangulamento. ✓ Afogamento.
 - ✓ Atropelo. ✓ Despenamento.
 - ✓ Amoreamentos. ✓ Derrube.
 - ✓ Ataque de animais. ✓ Asfixia.
 - ✓ Intoxicación aguda.
 - ✓ Meteorismo.
 - ✓ Sacrificio obrigatorio por mal das ovellas tolas (*tembladera, scrappie*) para explotacións lácteas ou puras.
 - ✓ Febre Aftosa.
 - ✓ Mortalidade masiva reprodutores.

b) Para cebadeiros ou centros de tipificación

- ✓ Febre Aftosa.
- ✓ Morte masiva de crías.

Garantías adicionales: (Contratación opcional)

- ✓ Saneamento gandeiro por brucelose (*Melitensis*).
- ✓ Saneamento gandeiro por tuberculose caprina.
- ✓ Privación de acceso a pastos
- ✓ Compensación polos prexuízos debidos á perda de reprodutores.
- ✓ Retirada e destrución cadáveres.

FINANCIAMENTO ▶ A Consellaría de Medio Rural tivo que realizar varias correccións para non deixar excluídas centos de granxas ao esixir un novo requisito a cumprir

O SLG detectou numerosos erros nas axudas para incorporación de moz@s

Estaban afectadas case todas as liñas de gando e a Xunta tivo que facer máis de vinte correccións en base á nosa análise

A comezos de ano, a Consellaría de Medio Rural publicou as bases para concorrer ás axudas para apoiar investimentos nas explotacións agrícolas, que establecen tres liñas principais: incorporación de mozos e mozas, plans de mellora e pequenas explotacións. Tras analizar polo miúdo as bases da convocatoria, os servizos técnicos do Sindicato Labrego Galego descubriron unha nova esixencia que non aparecía en anteriores convocatorias que, de non corri-

xirse, tería excluído a maioría das granxas familiares que podían optar.

Esta nova esixencia da que falamos tiña que ver coa dimensión física das granxas solicitantes, xa que a maioría das que podían acollerse a esta liña de axudas, co novo baremo esixido, eran ou demasiado grandes para ser consideradas “pequena explotación” ou demasiado pequenas para acceder aos plans de mellora, de maneira que terían quedado excluídas de non ser pola intervención dos nosos equipos técnicos.

Grazas ao traballo do SLG, Medio Rural rectificou e publicou unha corrección de erros no DOG. Na orde, corríxíanse os baremos que se pedían para aran-



do, flor aire libre, viveiro mixto, outros cultivos, xovencas de carne, xovencas de leite, ovellas de leite, eguas, porcas nais, porcas celtas nais, porco celta ciclo

completo, porcos ceba, porcos ceba cadea, aves carne, polo curral, poñedoras, coellas, cabras, enxames e poñedoras de ovos para incubar.

VIÑO ▶ A cooperativa Martín Códax baterá todos os récords ao ingresar máis de 1 millón

10 adegas acaparan o 60% das axudas de Medio Rural ao sector vitivinícola de 2019

Unha vez máis, unhas poucas adegas acapararon o groso das axudas para o sector do viño na Galiza convocadas en 2019 e resoltas este ano 2020. Mentres que as axudas á reestruturación repartíronse entre máis solicitantes, 1.514.342 € entre 122; as outras dúas liñas foron máis selectas: nas axudas para a promoción a terceiros países repartíronse 905.000 € entre 23 adegas; e, para investimentos, case 2 millóns de euros entre 16.

Se xuntamos as tres liñas de axuda, dez adegas acapararon o 60% dos cartos (2.610.250 €): Martín Códax, Pazo de Señoráns, a cooperativa Viña Almirante, Telmo Rodríguez, Terras Gauda, Altos del Toroña, Moure,

Veiga Serantes, Virxe de Galir e Viña Costeira.

Martín Códax volveu ser a máis beneficiada, aínda que desta vez bateu todos os récords, levando ela soa case a cuarta parte dos cartos. Sexa directamente, ou a través da empresa Viñas e Adegas Galegas, a cooperativa de Rías Baixas ingresará un total de 1.043.533 €.

A ex-deputada do PP e ex-presidenta do Consello Regulador de Rías Baixas, **Marisol Bueno**, a través da súa adeg **Pazo de Señoráns**, levará 31.796 € para promoción en terceiros países e 247.331 € para investimentos. En total, 280.000 €, que a sitúan no segundo posto do podio.

Moi preto, en terceiro lugar, a Cooperativa **Viña Almirante**, tamén de Rías Baixas, que ingresará 272.971 € só nunha axuda para investimentos.

No cuarto posto cóase unha adeg foránea con viñedos en Valdeorras, a **Compañía de Vinos Telmo Rodríguez**, que ingresará 187.898 € por axudas a investimentos máis outros 18.443 € para reestruturación.

Para seguir coa normalidade, o quinto posto volve ser para un clásico de Rías Baixas no palmarés das subvencións: **Terras Gauda**. Nesta ocasión, serán máis de 190.000 € correspondentes a 95.011 € para reestruturar e 95.854 € para promoción en terceiros países.

Outro que non podía faltar é **Horacio Gómez**, o ex-presidente do Celta e tamén político do Partido Popular, que a través da súa empresa Viñedos **Altos del Toroña**, levará 123.628 € para reestruturación e 21.799 € para promoción con **HGA Bodegas y Viñedos de Altura**, acumulando máis de 145.000 € e quedando na sexta posición.

No sétimo posto, **Adegas Moure** (Abadía da Cova) ingresará 143.445 € por unha axuda para investimentos. Non moi lonxe, de oitava con 133.999 €, **Veiga Serantes**. Seguen **Virxe de Galir** con 107.201 € repartidos entre Agrogalir e María Aránzazu Barros Rivero; e **Viña Costeira**, con 94.106 €.

TERRA ▶ Antes de que o Goberno decretase o estado de alarma, o SLG celebrou no local social da Liga Santaballesa (Vilalba), o I Encontro Nacional para a Defensa da Terra, onde se citaron organizacións e colectivos que loitan contra o acaparamento de terras na Galiza. Con esta convocatoria, dende o SLG quixemos tecer redes de ideas e accións con activistas e colectivos de toda Galiza e de diversos ámbitos para enfrontar este fenómeno, cada vez máis agresivo, co que nos están a usurpar o territorio.

Unha trintena de organizacións tecen redes contra o acaparamento de terra

A sí, ademais do SLG, participaron máis de medio cento de persoas, moitas das cales representaban a colectivos como Asociación Cultural O Iribio, Asociación de Afectados polas Louseiras do Val do río Baos, Asociación Petón do Lobo, Auga Limpa Xa!, Coluna Sanfins, Comisión das Minas da Terra Chá, Comisión de Seguimento da Minaría e Defensa do Rural de Mesía-Frades, Comunidade de Montes de Tameiga, Contraminación, Instituto Galego de Terras Comunitarias, Mina Touro O Pino Non, Non Eólicos Ordes, Salva la Selva, Salvemos a Comarca de Ordes, Salvemos as Fragas de Catasós, Sociedade Galega de Pastos e Forraxes, Verdegala e Véspera de Nada. *“Arredor de trinta colectivos, algúns que nos manifestaron que querían estar pero que lles era imposible nesta data e outros cos que trataremos de cooperar para reforzar esta loita polo ben común e o interese xeral”*, explicou Isabel Vilalba, secretaria xeral do SLG.

A xornada Nacional en Defensa da Terra comezou coas intervencións de Vilalba e de Margarida Prieto Ledo, coordinadora do SLG na Terra Chá. Da súa introdución, tiráronse datos preocupantes, como o feito de perdermos, nos últimos trinta anos, o 20% da nosa superficie agraria útil, unhas 150.000 hectáreas. Hoxe, Galiza ten unha das porcentaxes máis baixas da UE de terra agraria: menos do 22%, fronte a unha media comunitaria que se achega ao 40%. Os expertos din que, para termos un sector lácteo competitivo, deberíamos mirar o



exemplo de Irlanda. Non lles falta razón, pero acontece que máis do 70% do territorio irlandés é superficie agraria. Pola contra, en Galiza, a superficie dedicada a eucalipto duplicouse dende 1986, pasando 425.000 hectáreas.

Entre as novas ameazas para a terra na Galiza estarían aque-

las ligadas ao xa coñecido como o capitalismo verde e a produción de enerxías supostamente limpas: a proliferación de parques eólicos, a extracción de minerais ligados á substitución do petróleo por electricidade (cobre, litio, terras raras, etc.) ou a construción da maior planta de biomasa de España en Curtis da

man de Greenalia son tres bos exemplos. Este último caso fai temer que se intensifique aínda máis o cultivo de eucalipto para fornecer de materia para queimar e, en canto aos eólicos, as previsións apuntan a que, en breve, Galiza chegará a ter 187 parques con 4.000 Megavatios de potencia.

A complicidade necesaria da Xunta na depredación do territorio

Ademais do acaparamento de terras, Isabel Vilalba tamén chamou a atención sobre a degradación da que queda. A deficiente xestión dos refugallo, como o xurros da gandería industrial ou os lodos de depuradora, están creando un problema ambiental de proporcións aínda descoñecidas e contaminando con tóxicos amplas zonas do territorio e os recursos hídricos da Galiza. A isto habería que engadir o problema da desertización, con máis do 40% do solo galego degradado por incendios, eucaliptos e a escasa achega de materia orgánica.

Finalmente, a secretaria xeral do SLG sinalou como colaboradora e instigadora necesaria de todo este proceso á propia Xunta de Galicia gobernada polo Partido Popular.

O seu apoio incondicional e activo ás diversas formas de acaparamento de terras ten a súa mellor expresión nas diversas leis que creou ou nas que está a traballar para facilitar o acaparamento: a Lei de Fomento de Actividades Empresariais, máis coñecida como *Lei de Depredación*; ou a Lei de Avaliación Ambiental, ou *Lei de Prevaricación*, son a expresión disto último.

A veciñanza de Parga esixe a reapertura total do seu centro médico tralo estado de alarma

Durante o estado de alarma, o Servizo Galego de Saúde (Ser-gas) reorganizou hospitais e centros médicos, concentrando servizos en varias capitais de comarca. Dende o SLG criticamos esta decisión porque a atención primaria no rural é fundamental de cara a diagnosticar con eficacia e tratar en primeira instancia posibles casos de coronavirus, ou darlles seguimento nos seus propios do-

micilios, postura que tamén defenden colectivos como a Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria (Agamfec) ou SOS Sanidade Pública.

Ademais, tamén expresamos a nosa sospeita de que o peche de centros médicos e servizos sanitarios no rural durante o estado de alarma puidese agachar novos recortes. O caso do centro médico de Parga é un bo exemplo que confirma estas sospei-



tas, xa que tralo estado de alarma abriuse só parcialmente para atender pacientes crónicos e para facer labores de enfermería.

O Sindicato Labrego Galego está a apoiar as protestas da veciñanza por isto, como as concentracións realizadas en Parga, en Lugo ou en Guitiriz.



O Sindicato Labrego Galego puido constatar os estragos causados polo glifosato nas beiravías e cunetas de varios tramos de estradas estatais na Galiza

SLG e AGA denuncian o uso de glifosato para desherbar a rede estatal de estradas na Galiza

O Sindicato Labrego Galego (SLG) e a Asociación Galega de Apicultura (AGA) rexistramos un escrito de queixa na Delegación do Goberno para denunciar o uso masivo de glifosato por parte do Ministerio de Transportes para desherbar as beiravías e cunetas das estradas de titularidade estatal na Galiza. Ademais, no mesmo escrito, solicitamos unha xuntanza co delegado do Goberno en Galicia,

Javier Losada, para explicarlle o tremendo impacto ecolóxico que ten o uso de glifosato no medio ambiente, para a saúde humana e as abellas, especialmente nesta época do ano.

Aínda que o glifosato é de uso legal, está previsto que sexa totalmente prohibido na UE en 2022 debido aos graves riscos que entraña o seu uso, xa que é canceríxeno e perturbador endócrino para os seres humanos.

O SLG apoiou a manifestación do 22 de xuño en Burela en defensa do tecido económico e social da Mariña. Esta comarca leva anos sendo castigada co peche de empresas e cunha permanente sangría de postos de traballo no sector primario que non obtivo nunca o suficiente apoio e compromiso das diversas institucións públicas para freala. A maiores, a listaxe de empresas mariñás en crise ou que tiveron que pechar nos últimos tempos é longa: Alcoa, Ecar, Madeiras Lourenzo, Ecesa, Gres Burela, IPV, Macesa, Conservas Alonso, Mobles Hermida... Iso sen mencionar todo o tecido de pequenas empresas familiares

O SLG apoiou a manifestación en Burela polo futuro da comarca da Mariña

que tamén se viron abocadas a pechar ou que o están pasando mal. As empresas viables con problemas deberían ser apoiadas sen fendas pola Xunta, a Deputación de Lugo e os concellos competentes; e aquelas cuxa viabilidade non sexa posible, deberíaselles ofrecer plans alternativos que garantan unha saída digna para os seus traballadores e traballadoras e as súas familias.

Ademais, tamén esiximos que o impacto ambiental herdado da actividade industrial, nomeadamente a balsa de lodos tóxicos de Alcoa en San Cibrao, sexa rexenerado pola propia empresa e restaurando o entorno ao seu estado orixinal de maneira que a vida e a actividade económica da comarca non fiquen hipotecadas a un eventual accidente ou rotura do dique que resultaría catastró-

fico e causaría danos permanentes e irreparables.

A Mariña é unha bisbarra eminentemente rural, cun sector agrogandeiro moi potente que, segundo cos últimos datos do Instituto Galego de Estatística, correspondentes a 2009, mantén máis de 3.500 unidades de traballo agrario, riqueza que se multiplica se pensamos nas empresas auxiliares que dependen do campo. Porén, a pesar da importancia vital para esta bisbarra dos sectores agrogandeiros, nos últimos anos asistimos a un recorte brutal de servizos públicos de todo tipo que afectan directa e indirectamente ao campo.

POLÍTICA AGRARIA ▶ A nova estratexia contempla unha listaxe de 27 obxectivos que moldearán a Política Agraria Común dos vindeiros dez anos na Unión Europea

Da granxa á mesa: maquillaxe verde para a política agraria industrial de sempre

A emerxencia climática obriga a tomar medidas á CE, que segue sen atacar as verdadeiras causas do quecemento global

O 11 de decembro de 2019, a Comisión Europea publicaba o coñecido como Pacto Verde Europeo (*The European Green Deal*) cuxo obxectivo é facer de Europa un continente climaticamente neutral en 2050.

Isto afectará directamente á agricultura e á gandería, xa que o seu papel é determinante como axente á hora de propiciar ou mitigar o cambio climático.

O pasado 20 de maio, a Comisión Europea publicou dous documentos nos que xa veñen as directrices das políticas agrarias europeas para os vindeiros dez anos: o programa “Da granxa á mesa” (*From farm to fork*) e Biodiversidade Horizonte 2030. Ese mesmo día, tamén se publicou o documento “Análise da relación entre a PAC e o Pacto Verde”.

Frans Timmermans, Stella Kyriakides e Virginijus Sinkevičius, da Comisión Europea, presentaron a estratexia *From farm to fork* o 20 de maio en Bruxelas



Redución de antibióticos e pesticidas nun 50% e aumento da superficie de agricultura ecolóxica nun 25%

O programa “Da granxa á mesa” contén 27 iniciativas que, sen dúbida, marcarán a agricultura até 2030. Entre elas, destacan as seguintes:

▶ **Reducir o uso de pesticidas nun 50%**, ofrecendo alternativas como mellorar a xestión integrada de pragas, a rotación de cultivos ou a eliminación de herbas con medios mecánicos. Tamén apoiará a fabricación de praguicidas con substancias biolóxicas activas e acurtará os seus procedementos de autorización.

▶ **Reducir antibióticos nun 50%**, tanto en gandería como en acuicultura, a través do novo regulamento sobre medicamentos veterinarios e pensos medicamentosos.

▶ **Reducir fertilizantes na agricultura nun 20%**. Nas zonas críticas da gandería intensiva, fala de traballar cos estados membros para aplicar técnicas precisas de fertilización e para reciclar residuos orgánicos como fertilizantes renovables. Todo a través de grandes investimentos en tecnoloxía.

▶ **Aumentar a superficie de agricultura ecolóxica nun 25% para 2030** e aumento significativo da acuicultura orgánica.

▶ **Redución das emisións de gases de efecto invernadoiro da UE de orixe animal** coa introdución no mercado de aditivos sostibles e innovadores para pensos, de materiais de alimentación alternativos como insectos, algas, e subprodutos da bioeconomía (desperdicios de peixe). Tamén falan de reducir a dependencia de materias primas críticas, como soia cultivada en zonas deforestadas ou cultivar proteína vexetal na UE.

▶ **Destinar o 10% de superficies agrícolas a elementos da paisaxe.**

▶ **Mellor benestar animal**, coa revisión da lexislación nesta materia en 2023 e a posibilidade dunha etiquetaxe específica.

▶ **Xestión de pragas e enfermidades emergentes das plantas**, a través de novas técnicas xenómicas e novas técnicas innovadoras como a biotecnoloxía e o desenvolvemento de produtos biolóxicos.

▶ **Seguridade e diversidade das sementes** coa intención de garantir un acceso ao mercado para variedades adaptadas ao cambio climático.

▶ **Mellorar a posición dos agricultores na cadea de valor.** A principal novidade que

presenta a nova PAC neste sentido, ademais do Regulamento da Organización Común de Mercados e a directiva sobre prácticas comerciais desleais, é o apoio decidido ás intervencións sectoriais. “*A pedra angular deste sistema é a cooperación dos produtores o que lles permite fortalecer a súa posición na cadea de subministro, así como a súa resistencia aos desafíos económicos e ambientais*”. No Estado Español temos o exemplo da aplicación das intervencións sectoriais no sector de froitas e verduras, que agora se intenta facer extensivo a máis sectores.

Para o resto da cadea alimentaria tan só un código de conduta e boas prácticas acompañado dun marco de seguimento.

▶ **Promoción do consumo sostible de alimentos** e facilitar o cambio a unha dieta saudábel e sostible, con medidas en principio positivas como etiquetaxe nutricional harmonizada; compra pública de alimentos sostibles para escolas, hospitais e institucións públicas; incentivos fiscais para froitas e verduras ecolóxicas (IVE); ou que os prezos reflectan os custes reais, incluíndo o impacto no medio ambiente.

Responsabilizan aos labregos e labregas de todo o impacto do sistema alimentario sobre o clima

Lida por riba, a estratexia “Do campo á mesa” soa moi ben, inclúe moitas iniciativas e finalidades que, aparentemente, deberían ser positivas para o campo e para a sociedade no seu conxunto. Pero a pouco que indagemos, vemos que non é ouro todo o que reloce. Para empezar, esta estratexia pon como causantes de todos os impactos negativos do sistema alimentario no clima aos labregos e ás labregas. Todas as medidas van dirixidas a regular as actividades agrogandeiras. Para o resto de axentes do sistema alimentario -industrias, fabricantes de insumos, distribuidoras, transportes, maquinaria, etc.- ás penas un código de conduta e de boas prácticas que ben sabemos, por experiencia, o grao de cumprimento que vai ter.

✓ Non mencionan nin os tratados comerciais nin a política exportadora

Así, sorprende que non haxa unha visión crítica con aspectos altamente contaminantes e provocadores de cambio climático, como a agresiva vocación exportadora da Unión Europea o os tratados de libre comercio nos que a produción alimentaria é sempre moeda de cambio e que está a asinar con multitude de países a miles de quilómetros cos que forza un intercambio comercial de alimentos que se poderían producir e consumir nos mesmos países de orixe para non contribuír ao cambio climático.

✓ Non distingue entre abonos orgánicos e fertilizantes de síntese industrial

Se analizamos en concreto algunhas medidas, pasa outro tanto. Por exemplo, cando se fala de reducir o uso de fertilizantes, non distingue entre abonos orgánicos producidos e utilizados na propia granxa e fertilizantes de síntese industrial.

✓ Non distingue pastoreo da gandería intensiva sen terra

Tampouco diferencia o pastoreo e a gandería extensiva, nin fala do modelo de agroganecio que propicia as zonas máis críticas da gandería intensiva. Neste senso, ao culpar á gandería do 70% das emisións de gases con efecto invernadoiro da agricultura (que en si mesma é a causante do 10'3% das emisións globais), non diferencia entre a gandería intensiva e sen terra e a que se fai en base a pasteiros. Este meter todos os modelos gandeiros no mesmo saco repetirase en cuestións como o benestar animal.



✓ Palabrería para que labregos e labregas sigan fornecendo materia prima barata

A nova estratexia da Comisión Europea para o agro mesmo prevé mellorar a posición dos labregos e das labregas na cadea de valor. A principal “novidade” que presenta a nova PAC neste sentido, ademais do Regulamento da Organización Común de Mercados e a Directiva sobre Prácticas Comerciais Desleais, é o apoio decidido ás intervencións sectoriais.

“A pedra angular deste sistema é a cooperación dos produtores, o que lles permite fortalecer a súa posición na cadea de subministro así como a súa resistencia aos desafíos económicos e ambientais”.

No Estado Español temos o exemplo da aplicación das intervencións sectoriais no sector de froitas e verduras, que agora se intenta facer extensivo a máis sectores. Con estas intervencións sectoriais e cos obxectivos propostos no Regulamento da PAC, parece que o que se fai é privatizar definitivamente o control da produción e a xestión das crises e que a posición na cadea de valor dos labregos e das labregas segue a ser a de subministradores de materia prima barata.

✓ Limita a agricultura ecolóxica a un simple método de cultivo

Da mesma maneira, cando fala de aumentar a superficie de agricultura ecolóxica estase referindo só a un sistema de cultivo, polo que entendemos que serán benvidas as producións ecolóxicas industriais e deslocalizadas para aforrar en man de obra a costa dos dereitos laborais e humanos de miles de persoas e consumindo cantidades inxentes de combustibles fósiles para levarnos os alimentos “da granxa á mesa”.

Unha nova vaga burocrática achégase para afogar aínda máis ás granxas

En definitiva, para o Sindicato Labrego Galego, máis que unha estratexia para o agro, “Da granxa á mesa” semella unha estratexia de márketing, un lavado de cara das políticas agrarias da Unión Europea fronte a unha sociedade cada vez máis concienciada co coidado do planeta e co ecoloxismo e, polo tanto, contraria ao tremendo impacto que está a ter o sistema alimentario industrial dominante sobre o medio ambiente e o clima. Ese lavado de cara consiste en etiquetar de ecolóxicas e sostíbeis producións intensivas e deslocalizadas, con miles de quilómetros e de toneladas de combustibles fósiles entre a granxa e a mesa á que alude o slogan, e altamente dependentes dos paquetes tecnolóxicos da industria.

Por poñer dous exemplos: Syngenta ten proxectos de biodiversidade agrícola moi variados e investirá 2.000 millóns de euros nos vindeiros cinco anos para acelerar a innovación na agricultura sostíbeis en todo o mundo. Bayer di que as propostas da estratexia “Da granxa á mesa” reflicten moitos dos seus compromisos: fitosanitarios biolóxicos, fitomelloramento, sementes melloradas, agricultura de precisión, agricultura dixital.

Pola contra, moitos proxectos verdadeiramente sostíbeis quedarán fóra do sistema porque lles resultará imposible cumprir todos os requisitos burocráticos que estas medidas van levar consigo. Documentar as reducións das porcentaxes propostas vai ser un gasto e un proceso que moitas pequenas e non tan pequenas granxas de Galiza non serán quen de asumir. Coma sempre, todo quedará en mans do asesoramento privado e, en moitas ocasións, no asesoramento das propias empresas que venden insumos ou mercan produto ás granxas.

Dende o SLG vixiaremos para ver como se concretan as 27 iniciativas da estratexia “Da granxa á mesa” na futura Política Agraria Común (PAC), pero moito nos tememos que non vai pasar doutra operación de márketing para maquillar de verde e ecolóxico o que non o é.

Unha crise que descubriu as graves fraquezas do sistema alimentario

► Vén da
páxina 24

Hai poucas esperanzas de que a gravidade da pandemia do Covid 19 sirva para facer cambios significativos no sistema agroalimentario dominante. Tania pensa que debería cuestionalo, xa que “a carne que viña de fóra de Galiza seguíuse vendendo nos supermercados, mentres que o gando de pequenas granxas familiares como a miña, que se vendía en mercados máis pequenos, sufriu o peche destes, provocando que os prezos baixasen moito e quedasen as nosas producións sen saída comercial”.

Nesta aposta do poder polas grandes cadeas de supermercados abonda María Xosé, para a que estes centros de consumo “apareceron como templos no estado de alarma, ofrecendo a ilusión de que estamos salvadas mentres teñamos poder de compra. Pero é se fallara a gran distribución? Pasará en crises futuras?”.

Todo isto foi clarificador para Xosé María García Villaverde “as grandes superficies protagonizaron o discurso político e mediático, as feiras / feiróns e mercados / mercadillos foron prohibidas, as hortas de autoconsumo boicoteadas... O presidente do Goberno garantiu que, a pesar de estar as fronteiras fechadas, non habería problema para a chegada de alimentos de calquera lugar do mundo, alimentos que no imaxinario colectivo parecían nacer nalgunha plataforma loxística desde a que se distribuía en camións a cada supermercado. Nin labregos e labregas, nin empregados e empregadas agrícolas tiveron un oco nas preocupacións e homenaxes aos traballos esenciais, até que se alertou de que algunhas colleitas podían perigar por falta de man de obra (barata, migrante), e pouco se falou así e todo”.

Engade Villaverde que “o confinamento, o feche de fronteiras e a redución da mobilidade á súa mínima expresión debería facer



O pánico provocou o desabastecemento de supermercados na fase inicial do estado de alarma en todo o Estado español



reflexionar a cidadanía e gobernantes sobre a conveniencia de depender para a nosa alimentación dun modelo industrial global. Non era descartábel que se dese algún acaparamento ou desabastecemento de alimentos do mesmo modo que sucedeu co material sanitario”.

Fronte a esa fragilidade do sistema, queda a resiliencia de modelos agrícolas e mercados máis autónomos e autosuficien-

tes que destaca María Xosé Castro: “Ter no entorno auga potable, terra de labor e animais é o que nós garante a vida e a supervivencia”.

Para Xosé Antonio Rivas, todo o que vivimos debería facernos reaccionar e valorar máis o rural. “Ao mesmo tempo, deberían producirse cambios no sistema agroalimentario a todos os niveis. É necesario que a produción de alimentos sexa non só máis ecoló-

xica e natural, senón tamén de proximidade. Sería importante potenciar a venda directa e o comercio local, así como poñer en valor todo o sistema produtivo, para diminuír ou eliminar a dependencia que temos doutros países para dispoñer de certos produtos. Nunha situación de peche de fronteiras e comunidades, queda evidenciado a importancia dunha produción local e sostible”.

As políticas agrarias deben mudar cara á soberanía alimentaria

Cando lles preguntamos cal debería ser a alternativa, todos e todas coincidiron en subliñar a soberanía alimentaria como a cerna de calquera política agraria que se deseñe na Galiza. Para Tania, por exemplo, “a nosa carne de tenreira galega e de aquí debería quedar aquí. Non deberíamos deixar que veña carne de fóra mentres deamos abastecido dende as granxas de Galiza os mercados e supermercados de aquí”.

De igual maneira pensa María Xosé, quen ademais de apostar pola soberanía alimentaria, tamén o fai pola agroecoloxía, por “producir máis e mellor no territorio”. Para iso, “habería que comezar por un estudo serio e profundo de que producimos no país, que importamos, que exportamos, e mudar as políticas cara a autosuficiencia”.

Esa mesma palabra, “autosuficiencia”, foi a escollida por Xosé Antonio xunto con “soberanía alimentaria” para definir a alternativa. “Non debemos ser dependentes cando se fala de alimentación, xa que iso é primordial para o ser humano. Porque a

dependencia na alimentación pon en risco todo o sistema e o futuro de calquera país. Estamos a ver como todos os países están a invertir e potenciar a súa propia produción para depender cada vez menos do exterior, e nós non debemos quedarnos atrás nestes momentos”.

Pola súa banda, Xosé María viu na crise unha oportunidade coa que puidemos “relativizar e avaliar o que é ou non esencial, o que realmente precisamos para vivir ben. Non sei que conclusións se tirarían en xeral (...) A min todo isto fíxome reafirmarme no que xa pensaba antes, debemos en certo modo rerruralizar, relabreguizar a economía e a sociedade, o mundo: relocalizar, desconcentrar, desmasificar, simplificar, ralentizar... decrecer en destrución e crecer en sustentabilidade, coidados, igualdade, liberdade e fraternidade. No referido á alimentación isto supón máis agroecoloxía e soberanía alimentaria. Por que? Porque nos vai a saúde, a vida e o benestar nisto, por non falar do futuro como especie”.

SEGUE ►

O retorno ao rural é máis necesario que nunca, pero para producir alimentos

Para Tania, que a xente volta ao rural é previsible, xa que “despois da crise moitas persoas van quedar sen traballo, polo que esa volta ao rural será para moitos e moitas case unha necesidade, xa que quen poida e teña oportunidade traballará a terra para plantar horta e aproveitar ao máximo as posibilidades do autoconsumo como resposta a unha crise que se prevé moi grande”

Máis alá da supervivencia, a alternativa do rural fronte ás grandes urbes que “se mostraron como lugares invivibles, sen espazo suficiente” é evidente para María Xosé. “Creo que no rural gozamos de maior calidade de vida. Ademais, precisamos que volvan as labregas! Para traballar pola soberanía alimentaria fai falla unha nova xeración de xente moza”. E para que isto aconteza, será clave “mellorar o acceso a vivenda”.

É que “nunca se debeu abandonar o rural como se fixo”, cre Xosé Antonio. “Sabemos que sempre foi unha vida dura e sacrificada, na que os medios eran escasos e a agricultura e gandería eran parte dunha economía de subsistencia. Pero a día de hoxe pódese vivir dignamente no rural e atopar unha forma de vida que non teríamos en ningún outro lugar”.

“Unha das conclusións que moita xente pareceu tirar do confinamento foi que vivir nun piso (pequeno) nunha cidade (grande) talvez non é tan bon e bonito como pensabamos, especialmente se isto dos confinamentos comeza a virar costume”, reflexiona Xosé María. “Unha volta ao rural é necesaria, xa o era antes, pero unha expansión das cidades polo territorio en forma de novas urbanizacións ou transformando pequenos núcleos en aldeas-dormitorio non só non o é, senón que agravaría os problemas locais e globais, ambientais e sociais que xa temos. Voltar ao rural, rerruralizar, debe ser relabreguizar. Voltar ao rural

non é que todo continúe igual mais cunha poboación máis dispersa. A razón de ser do rural, o motivo polo que o rural non ten nada a ver coas urbanizacións e os chalés, é producir alimentos. Non toda a poboación rural se dedica necesariamente ou como actividade principal á produción de alimentos, pero esta é a actividade económica central e é unha actividade económica estendida polo territorio, marcada polas estacións, condicionada pola natureza, porque un polígono industrial agropecuario tampouco é rural, é industria”.

✓ A mocidade como nexo indispensable do saber pasado e da esperanza futura

Obviamente, a mocidade deberá ter un papel central nesta volta ou revolta ao rural, máis como ben sabemos quen xa vivimos nel e del, será difícil, xa que “a administración pon moitas trabas e non axuda tanto como pretende facer ver”, quéixase Tania.

Por iso, cómpre non caer no pesimismo, apunta María Xosé: “as crises son oportunidades para reflexionar, resetear e avanzar. A mocidade deberíamos salvar os valores e saberes de autosuficiencia, valorar a terra (da que de-

pendemos) e considerar o decrecemento”.

En todo isto van ser fundamentais os saberes tradicionais, “valorar todo o que foi legado polas xeracións anteriores e a gran importancia que tivo e ten o rural”, di Xosé Antonio. En todo isto, a formación será indispensable “para lograr os obxectivos de crear un rural aberto á sociedade, que anime a outros mozos e mozas a regresar, pero sobre todo a non marchar”. Como tamén será necesario “facer as cousas co corazón, coidando os animais e a natureza, loitando por conseguir todas as melloras e servizos necesarios, creando empresas que dan riqueza e emprego á zona onde se atopan, creando un medio de vida digno e de calidade. A mocidade ten que dar un paso adiante e mostrar que o rural está vivo e ten futuro”.

Todo sen esquecer o imprescindible rol da xente nova “para o relevo xeracional alí onde resiste a produción labrega e para o repoboamento daqueles lugares onde xa non a hai”, advirte Xosé María, que tamén abonda na importancia da formación e recuperación de saberes “A mocidade debe formarse, organizarse e traballar para dar continuidade e

viabilidade a producións labregas xa existentes e pór a andar outras novas con vocación de permanencia para alimentar as xeracións futuras. É un papel inmenso, unha responsabilidade que non debe recaer nunha xeración ou parte dela, e menos aínda coa pirámide poboacional que temos. A participación da mocidade nesta misión é indispensable mais non debe ser exclusiva, non pode cargar ela con todo o peso dunha obra de transcendencia histórica, así que deberá convencer as xeracións anteriores de que (contra o que lles/nos levan contando desde hai décadas) non só hai futuro na terra, na produción de alimentos, na vida labrega... é que o futuro da humanidade pasa por reconstruímos (coas actualizacións que cumpran) unha vida na terra, da terra, coa terra, e mantermos a terra viva, sa. Por suposto todo isto non vai só de falarmos na sociedade destas cousas e facer o posíbel por que se materialicen: as institucións, as administracións, os gobernos... deben ver que estas mudanzas son xa unha necesidade urxente, un traballo que non convén demorar porque require de moitos esforzos, decisións e tempo, de compromisos amplos e sólidos”. **FIN ■**



DEPENDENCIA ▶ Tratáronse cuestións como os dez anos de recortes en sanidade ou a falta de orzamentos para dotar os servizos sociais e a Lei de Dependencia

O XV Encontro de Mulleres denunciou unha crise de coidados que estoupou co Covid19

Marisé Fernández criticou a centralización de coidados en grandes residencias en vez de apoiar directamente as familias

Antes de que se declarase o estado de alarma pola pandemia do Covid 19, a Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego tivo unha axenda moi apretada coa celebración do seu XV Encontro Anual que, desta vez, tivo lugar nas vilas ourensás de Allariz e Verín.

Nesta ocasión, algún dos temas nos que afondaron as participantes acabaría sendo nova de primeira plana nas novas relacionadas coa pandemia, que descubriu as nefastas consecuencias de ter recortado durante anos os orzamentos dedicados a sanidade e ao coidado das persoas maiores e dependentes.

Precisamente, unha das palestras realizadas no encontro titulouse “Dereito e coidados no rural” e tivo de protagonista a **Marisé Fernández**, traballadora social do Hospital Lucus Augusti que forma parte da Plataforma pola Sanidade Pública. Dun xeito desgraciadamente premonitorio, Marisé Fernández falou de como están a afectar os recortes á saúde das mulleres e da Lei de Dependencia. Respecto desta última, criticou que, a pesar da súa intención de universalizar os servizos sociais para todas as persoas dependentes, naceu sen orzamentos para facelo. Así, os procesos de valoración das dependencias alórganse durante anos e a atención social sufriu unha forte burocratización, con moi escaso persoal para atendera que se ten que dedicar máis á papelame que a unha



O XV Encontro da Secretaría das Mulleres do SLG celebrouse en Allariz e culminou cunha manifestación en Verín na que as labregas tiveron un papel protagonista

verdadeira atención social.

Outra tendencia é a de centralizar estes servizos en grandes residencias, en vez de apoiar o coidado pola propia familia, afastando o centro das de-

cisións do ámbito local e comarcal. Desta maneira, deshumanízanse uns servizos nos que os afectos son fundamentais tamén para a saúde das persoas que se pretende apoiar.

Tamén se incidiu nos recortes na Lei de Dependencia con decretos e normas que reduci-ron as horas de atención, que obrigan a realizar copagos, etc. Agora mesmo, as prazas ofertadas por residencias privadas superan ás públicas, estando a maioría rexentadas por congregacións relixiosas.

En todo isto abundou **Ximena González**, que denunciou que os servizos sociais na actualidade funcionan como simples medidas de contención, non como unhas prestacións nas que as persoas e as súas vidas sexan o principal obxectivo a protexer e coidar. Nestes momentos, afirmou Ximena, estamos nunha crise de coidados, co envellecemento e illamento das persoas que precisan atención e, nomeadamente, coas mulleres, que cada vez teñen menos tempo para eses coidados.

O 45% das mortes por Coronavirus na Galiza foron en residencias privadas de maiores

Con estes vimbios dos que nos falaram Marisé Rodríguez e Ximena González, Galiza enfrontou a pandemia do coronavirus. Afortunadamente, debido á dispersión poboacional e á inexistencia de grandes fluxos de intercambio internacional, con boa parte das nosas fronteiras cercadas polo mar ou pola raia portuguesa, en Galiza os contaxios non foron tan abondosos como noutras comunidades. A 8 de xullo, faleceran 619 persoas por coronavirus, un drama pero moi lonxe da incidencia noutros puntos do Estado como Madrid, Barcelona ou as dúas Castelas.

Se analizamos esta cifra polo miúdo, descubrimos que o 45% dos falecementos na Galiza, 274 persoas, producíronse en residencias de maiores. A maioría das persoas maiores que faleceron por coronavirus en residencias galega, fixérono nas privadas, sobre todo nas xestionadas pola empresa Domus Vi e pola Fundación San Rosendo, ambas xestionadas por Josefina Fernández e o

cura Benigno Moure, respectivamente, ambos vinculados ao PP.

A xente entendida na materia non dubida en subliñar que a alta mortandade producida en residencias de maiores debeuse aos recortes e ás privatizacións realizados na última década en sanidade polo Goberno de Feijóo, e a entrega da súa xestión a mans privadas e amigas.

✓ O SLG solicita pleno no Consello Galego de Benestar para tratar esta crise

Margarida Prieto e Ana Eiras, vocais do SLG no Consello Galego de Benestar, solicitaron a celebración dun pleno extraordinario deste órgano colexiado da Xunta para “tratar a situación na que se atopa a xestión dos servizos sociais comunitarios básicos (residencias, centros de día, atención á infancia, etcétera) trala crise do Covid-19, e as medidas que se están tomando para paliar os efectos da pandemia na xestión diaria dos mesmos”.

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

-Caldeira de leña para casa de 100 a 110 m². En Pontearas (Pontevedra)
☎649 369 179 (Amador)

Véndense

-Empacadora Class 41
-Estendedora-hilerador en bo estado.
☎657 120 832

Véndense

-Tanque de 1.400 litros.
-Xovencas frisoas próximas ao parto
☎660 652 529 (Suso)

Véndense

-Autocargador e cisterna.
☎626 686 509 (Cándido).

Véndense

-Ringleirador FELLA 6.30 m ancho. Rotores recién reparados. 3.000 €
-Sementadora de millo MONOCEN 4 4 liñas con aboadoras. 1.000 €
-Ensiladora de millo TAARUP 1, unha liña. 500 €
☎620 670 303 (Juan Antonio)

Véndese

-Emboladora CLAAS ROLAND 46 en perfecto estado de funcionamento. Sen papeis.
☎670 320 138

Véndese

-Tanque de leite Packo 3100. Enfriadeiro Packo de 3.100 litros con dosificación automática e recuperador de calor con grupo separado. Modelo REM/DX.
En Barreiros (Lugo).
☎676 902 914 (Alfonso).

Véndense

-Tractor.
-Aboadora.
-Autocargador.
-Becerro de Rubia Galega.
☎689 752 400

Véndense

-Empacadora Claas nº 41. En bo estado, limpa, engrasada e preparada para traballar.
-Ringleirador-estendedor.
☎657 120 832

Véndense

-Tractor John Deere 3140, con anclaxes para pa.
☎648 611 395 (Fernando).

Véndense

-Rolos de herba seca.
☎619 267 520

Véndense

-Autocargador-picador Pottin-ger Boss 1
-Elevador de vacún.
-6 cornadizas regulables en anchura.
-Estendedor de silo.
En Guntín (Lugo).
☎982 320 206 / 686 811 992 (José).

Véndense

-Tractor Massey Ferguson 5611 de 110 CV. Ano 2015, 1.500 horas de traballo.
-Rotoempacadora Fendt en bo estado.
En Forcarei (Pontevedra).
☎644 250 674 (Manuel).

Véndense

-Cisterna de 1.800 litros en moi bo estado polo pouco uso. Con documentación. Barata.
-Segadora de peite que funciona acoplada ao tractor. Moi bo estado de conservación. Tamén ten peites repostos. Moi económica.
Ocasión por cese de activi-dade.
☎618 075 633 / 981 196 114

Véndense

-30 rolos de silo e 30 de herba seca.
En Baroncelle (Abadín, Lugo)
☎982 178 970 / 665 603 933

Véndense

-Colleitadora de patacas Grimme LK 650 en bo estado: 8.000 €
-Repertidor de esterco con aspas verticais de 8 metros: 5.000 €
-Motor de regar Campeón de 24 CV: 1.900 €
☎690 281 690 / 659 690 607

Véndense

-Autocargador rotativo Iberi, con ITV pasada até 2021.
-Cisterna de 4.000 litros Romay C40, con ITV pasada até 2021.
-Sulfatadora de 500 litros Sanz Olite de 500 litros.
Por xubilación.
☎653 911 180 / 698 153 812

Véndense

-Dous bois capados, un Rubio e outro cruzado de Rubia e Cal-delá.
☎646 423 856

Véndense

-Beceros limousins en Lugo.
☎685 884 257.

Véndese

-Citroën Xsara HDI, 90 CV.
☎659 993 345 (Juan)

Véndense

-Tanque Serap de 3.500 litros.
-Sala Tándem Miele de 5 pun-tos.
-Retiradores
☎646 696 222

Véndese

-Finca en Oroso de 13 hectá-reas.
☎652 558 195 / 635 693 903

Véndese

-Tractor Fiat 70-66 DT con apeiros: Remolque, arado, fre-sadora, desbrozadora, etc.
Prezo: 15.000 € (negociables).
En Abegondo (A Coruña).
☎661 808 545

Véndense

-Tractor Ebro 55: 2.000 €
-Cisterna de 6.000 litros.
-Tractor John Deere 2140 sim-ple, 82 CV.
☎667 469 962

Véndense

-Tractor John Deere 6610 de 130 CV con pa e galleteo.
-Picador Pottinger con rotores e 32 coitelas.
-Aboadora 2.000 kg Ama-zone.
-Tractor Barreiros moi antigo, especial para coleccionistas.
-Seat Ibiza.
Por peche de explotación en Friol (Lugo)
☎982 183 019 / 628 785 466

Véndense:

-7 xovencas.
-Ensiladora BLV.
-Maquinaria diversa.
En Cambre (A Coruña) por cese de explotación. Prezo ne-gociable.
☎665 007 372 (Carme)

Véndese ou alúgase

-Granxa avícola en A Estrada de 1.200 m², con capacidade de até 18.000 polos. Dispón tamén de finca anexa.
☎634 409 255

Véndense

-50 rolos de herba seca. Prezo 15 € / rolo.
En Irixoa.
☎680 107 271 (Xosé Manuel)

Véndense

-Rolos de silo de herba (Lugo).
☎649 147 614

Véndese

-Tractor Ebro a bo prezo.
☎689 752 400

Véndese

-Prensa de queixo en Sobrado dos Monxes.
☎981 788 859 / 628 586 957

Véndese

-Rabaño de vacas de monte, rubias e os seus cruces.
☎626 442 294

Véndense

-Beceros e becerras de raza rubia.
☎986 668 820

Véndese

-Carro mesturador Tatoma de 10 m³.
-Tractor EBRO 6067.
-Picadora Class Jaguar 695 Mega, con cabezal de millo e herba.
-Pacas grandes de herba seca picada.
-Desbrozadora de cadeas TMC.
☎648 611 395. (Fernando).

Véndense

-Segadora BCX.
-Rotativa de 1,65 de corte.
-Tanque Pako de 1.000 litros.
-Remolque.
-Circuíto de muxido 4 puntos.
-Cisterna de auga de 2.500 l.
-Cisterna de xurro de 2.500 l.
-Rotoempacadora.
☎669 836 716

Véndense

-Cisterna 1.800 litros en moi bo estado por pouco uso. Con documentación. Barata.
-Segadora de peite que fun-ciona acoplada ao tractor. Moi bo estado de conservación. Tamén ten peites de repostos. Moi económica.
Oportunidade por cese de ac-tividade.
☎630 161 952 / 981 196 114

Véndense

-Rolos de herba seca. Boa ca-lidade. En Castro de Rei (Lugo).
☎659 643 489

Véndese

-Xovenca de carne primeiriza, preñada de 8 meses.
En Aldixe (Abadín, Lugo).
☎982 526 806

Véndense

-2 porcos cebados.
-Parideira de porcos con baño para alimentación.
-Arado de vertedeira dos anos trinta para restaurar.
Na zona de Meira (Lugo).
☎982 330 623

Véndense

-Cisterna marca Carruxo de 8.000 litros.
-80 rolos de herba seca.
En Santa Cristina (Cospeito).
☎610 472 095 / 982 505 798

Véndense ou regálanse

-Cachorros pequenos.
☎981 446 501 / 644 791 378

Véndese

-Carro mesturador con fresa de 13m2 en bo estado, acabado de reparar.
Na zona de Boimorto.
☎649 449 031

Véndense

-Bañeira de aceiro con tapa.1.200 litros.
-Depósito de fibra de 1.200 l.
☎630 931 615

Véndese

-Xerador de 22 cadeas.
-Circuíto Manus.
☎618 244 883 (Suso)

Véndese

-Viño do país, Barrantes e Mencía.
-Augardente.
☎986 689 486

Véndese

-Casa no lugar de Parada de Ribeira, a 3 Km. de Xinzo de Limia. Amoblada e lista para vivir. Bo prezo.
☎678 616 746 (Paco).

Véndese

-Aboadora de péndulo, marca Aguirre, con 500 kg. de capaci-dade. Na Limia.
☎650 019 275

OUTROS

Alugase

-Nave de recría, con capaci-dade para 30 animais. Na zona de Chantada.
☎687 082 210

Búscanse

-Persoas para vendimar na comarca do Condado.
☎986 666 344

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

HORARIOS DE VERÁN NO SLG

A MARIÑA (Lourenzá e Ribadeo)
Martes e xoves de 9:30 a 13:30

ORDES
De luns a xoves, de 10:00 a 14:00

XINZO
De luns a venres, de 9:00 a 14:00

MEIRA
Martes e xoves de 10:00 a 14:00
(pechado do o 26 de xullo ao 16 de agosto)

CONDADO / BAIXO MIÑO
De luns a venres, de 8:00 a 15:00

A ESTRADA
De luns a venres, de 10:00 a 14:00.
O local de **LALÍN** ficará pechado en agosto.

TEIXEIRO
De luns a venres, de 10:00 a 14:00

COMPOSTELA
De luns a venres, de 9:00 a 14:00

VILALBA
De luns a xoves, de 10:30 a 13:30. Pe-chado en agosto.

LUGO
De luns a venres, de 10:00 a 14:00 A **Fonsagrada, Becerreá e Sarria**: Non abrirán até setembro.

BETANZOS
De 9:00 a 14:00.
Os locais de **Moeche** e **San Sadurniño** pechan en agosto.

RIVADAVIA
De 8:30 a 15:00. Pechado en agosto.

CHANTADA
De 9:30 a 13:30, de luns a xoves.

ARZÚA
De 10:00 a 14:00 (Melide pecha en agosto).

Tes o directorio de teléfonos do SLG na páxina 2 deste Fouce

Por motivos sanitarios, para visitas presenciais recoméndase acordar unha cita previa chamando por teléfono ao local correspondente

Na historia do Sindicato Labrego, esta foi a primeira vez que vivimos unha pandemia que obrigou a decretar un estado de alarma e un confinamento. Pese a que os alimentos son produtos de primeira necesidade cuxa circulación estivo protexida dende o minuto un da crise pola Unión Europea, tanto a actividade labrega como a venda directa sufriron graves restricións. Haberá un antes e un despois desta crise, e diso quixemos falar con mozos e mozas de diversos sectores e comarcas para tentar esbozar uns trazos do que supuxo, supón e suporá o Covid 19 para a Galiza labrega.

Resistencia e resiliencia para afrontar a crise pola pandemia do Covid-19

Os mozos e as mozas que participaron nesta reportaxe teñen en común vivir da terra. Todos e todas afrontaron e seguen a afrontar a crise xerada polo estado de alarma decretado por mor da pandemia do Covid 19. O impacto foi desigual, dependendo do tipo de produción ou da fórmula de venda. Tania quéixase de que lle afectou moito porque *“os becerros quedaron sen saída comercial e tamén, no día a día, complicóusenos moito o manexo dos animais ao ter que facelo unha persoa soa”*.

María Xosé, de Mimá, depende totalmente da venda directa das súas producións. Porén, non tivo grandes perdas a pesar do peche dos mercados de proximidade. Se ben é certo que non puido venderlle a un comedor escolar e a un restaurante, salvoulles *“ter o mercado semanal da Reserva da Biosfera aberto grazas á intervención do Concello de Allariz. É a diferenza cando as políticas locais traballan polo sector primario e o coidan”*.

A Casa Codesal tampouco lle afectou moito a nivel produtivo, aínda que si *“á hora de dar saída ao gando. O peche de mercados e feiras gandeiras orixinou unha caída na demanda e nos prezos que posiblemente se alongue no tempo”*.

Pola súa banda, A Quinta da Vacaloura non viu minguadas moito as súas vendas porque non depende dos mercados. Xosé María explica que o estado de alarma colleuno *“con só media ducia de galos para vender e os anos aínda moi novos (...) Os*



Para poder realizar esta reportaxe falamos, de esquerda a dereita e de arriba a abaixo, con Xosé María García Villaverde, que traballa no seu proxecto A Quinta da Vacaloura en Naraío (San Sadurniño), que inclúe unha granxa avícola e de ovino que combina coa produción de froita e mel; Tania Pérez Pértiga, de Santa María Maior (Mondoñedo), onde se dedica á produción de vacún de carne; María Xosé Castro, da granxa Mimá, dedicada principalmente a horta e apicultura; e Xosé Antonio Rivas, de Vilapedre, na Devesa (Friol), onde rexenta xunto á súa familia Casa Codesal, unha granxa ecolóxica de vacún de leite.

ovos, en pleno pico de produción, vendínos sen problema no pequeno comercio e a domicilio,

que xa eran as canles que utilizaba. Puiden traballar case que con normalidade, aínda que ti-

ven que mudar a planificación da produción”.

► **Continúa nas páxs. 20 e 21**